ARQUEOLOXÍA/MEMORIAS 7

CASTRO DE BORNEIRO

Campañas 1983-84

ANA ROMERO MASIÁ

ER
7

XUNTA DE GALICIA/CONSELLERÍA DE CULTURA E BENESTAR SOCIAL
DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA E DO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO
Servicio de Arqueoloxía

ARQUEOLOXÍA/MEMORIAS 7

CASTRO DE BORNEIRO

CAMPAÑAS 1983-84

ANA ROMERO MASIÁ

XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE CULTURA
E BENESTAR SOCIAL

DIRECCIÓN XERAL
DE CULTURA
E DO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO

Conselleiro de Cultura e Benestar Social:
Alejandrino Fernández Barreiro

Directora Xeral de Cultura
e do Patrimonio Histórico-Artístico:
Raquel Casal García

Subdirector Xeral do Patrimonio
Histórico-Artístico:
Carlos Meijide Calvo

Coordinación:
Servicios Técnicos de Arqueoloxía
da Dirección de Cultura
e do Patrimonio Histórico-Artístico

Deseño Gráfico
e Fotocomposición: Permuy

Imprime: «LÓPEZ TORRE»
Real 4, - Santiago, 3 y 12 - Telf. 43 00 57
Pontedeume

© Xunta de Galicia
Ana Romero Masiá

I.S.B.N.: 84-505-5078-5
Dep. Legal: C-127/87

PRIMERA PARTE

CAMPAÑA 1983

MEMORIA DAS EXCAVACIÓNS DO CASTRO DE BORNEIRO (1983)

Unha nova campaña de excavacións arqueolóxicas tivo lugar no vran de 1.983 no Castro de Borneiro (1). Contou coa participación de alumnos de Historia da Universidade de Santiago e con varios obreiros do mesmo Borneiro (fig. 1).

Aínda que a campaña foi máis longa que o ano anterior, traballouse, cecáis, en proporción, menos, polo mal tempo, pois a choiva dificultounos moito as tarefas de retirada de terras, extracción de materiais, proceso de criba, etc., tendo en conta tamén, que foron varios os días que non puidemos traballar nada pola cantidade de auga que caía.

Contamos tamén con outro tipo de interrupción dos traballos, aínda que ben diferente ao anterior: a presencia de excavadores furtivos que chegaron a presentarse cun equipo ben provisto no que non faltaba un potente detector de metais. Contra eles presentamos a oportuna denuncia no posto da Garda Civil de Laxe e da que, no seu día, demos conta á Consellería de Cultura.

O balance xeral dos traballos de excavación, tal como xa fixemos no Informe preliminar enviado á Subdirección Xeral do Patrimonio Artístico e Monumental, foi moi positivo e interesante e así o intentaremos reflexar ao longo desta Memoria e nas conclusións finais.

En xeral, a tónica dominante non varía moito do que xa coñecemos do Castro de Borneiro dende o punto de vista dos materiais, tipos de construccións, organización do poboado, etc., pero algún material e certas peculiaridades nalgún punto das construccións permiten introducir novos datos procedentes desta campaña.

Sabido é que este xacemento conta entre os poucos que en Galicia teñen unha datación cronolóxica absoluta polo C-14. Coma parecía seguro que neste ano escomenzara a funcionar no Instituto «Rocasolano» de Madrid o laboratorio para obter datas tamén absolutas polo método da *termoluminiscencia*, recollemos dous conxuntos de mostras seguindo as normas dadas polo devandito Instituto e que foron enviadas a Madrid. Pero por dificultades técnicas, estes traballos aínda no puideron escomenzar, co que non é posible conseguir a tan desexada e necesaria corroboración de datas para este xacemento.

Durante a realización dos traballos contamos cos servicios dun habil canteiro de Borneiro que ía consolidando algúns dos muros que presentaban perigo de derrumbe coma os que sacamos á luz na construcción n.º 12, reconstruíndo fragmentos de lenzos caídos xa en anos anteriores, coma no caso da construcción n.º 2 ou igualando conxuntos que presentaban diferentes alturas. Hai que facer constar que o nivel de reconstrucción nunca sobrepasou o nivel conservado nalgún punto do conxunto é tamén que a altura dada nunca sobresae do nivel actual do chan do Castro nas zonas aínda por excavar.

Para estes traballos (que máis ben terían que ser chamados de «parcheo» ou de conservación, pois non son, en realidade, reconstrucción), o canteiro foi empregando sempre o material local atopado no propio Castro: para as mamposterías dos muros foron utilizadas pedras da propia excavación, as pedras atopadas nos propios derrumbes; o barro con que as trababa é tamén do propio Castro. A técnica, endexamáis utilizando cemento, é exactamente igual que a utilizada polos propios habitantes do Castro. Con todo elo, unicamente coñecendo expresamente o dato, é posible sospeitar dos traballos do canteiro. A esto contribúe enormemente o feito de que as construccións nunca sobresáen do seu nivel actual de conservación e a gran maestría do canteiro que estudou detidamente todo o sistema de construir dos castrexos de Borneiro denantes de se poñer a traballar. Penso que o bo aspecto xeral das construccións e do poboado en conxunto complétase pola utilización de terróns de terra coma remate da obra, sistema que, por outra banda, mantén dun modo natural a construcción e contribúe ao seu manteñemento.

Tamén, ao mesmo tempo que se desenrolaban as tarefas arqueolóxicas, os obreiros e nós mesmos, contribuíamos á limpeza da vexetación da *croa* que caseque quedóu rematada (fig. 2). A verdade é que o aspecto do Castro de Borneiro en cinco anos cambiou rotundamente dende o bosque impenetrable en que se convertira logo do seu abandono tralos traballos de J. J. Eiroa, con silvas, fieitas e toxos que tivemos que cortar con motoserra porque nin as fouces servían. A limpeza periódica é fundamental, pero tamén hai que pensar que cada ano, e este tamén, duas veces votámoslle herbicida a todalas zonas que previamente foron limpadas. Estamos plenamente convencidos da necesidade deste tipo de accións para non ter que estar cada ano cortando e limpando o mesmo lugar. Loxicamente, estes herbicidas son botados con todo tipo de seguridade, tanto para as personas como para o gando mediante a colocación de letreiros, avisos na igrexa parroquial e no axuntamento. Ainda así e por moito que o herbicida é específico para silvas e toxos (que son os que máis abundan), sempre atopamos algo retoñado. Pero ese caso aillado é facilmente eliminado (fig. 3).

Os muros das construccións, o seu interior, o espacio entre elas, son revisados todolos anos con atención arrincando as posibles prantas perigosas que puideran nascer dende a campaña anterior.

Igual que fixemos tódolos anos anteriores, ao remate da excavación retiramos, con tractores, as enormes moreas de terra e pedras saídas da excavación. É unha parte ingrata dentro do conxunto de traballos da excavación, leva tempo, moito esforzo e bastantes cartos, pero é imprescindible facela. No

mesmo Castro de Borneiro quedan restos non eliminados da primeira e segunda época de traballos arqueolóxicos que para moitos visitantes, e para nós mesmos antes de face-la limpeza da vexetación, leva a confusión tomando, por exemplo, por un torreón defensivo na muralla o que resultou ser unha morea de escombro.

O plan de traballo arqueolóxico propiamente dito concretóuse en remata-lo SECTOR-27 e a construcción da Muralla que quedara sin se poder facer o ano anterior e logo o traballo en zonas novas. Imos agora a concreta-lo feito en cada unha delas (fig. 4).

SECTOR-27

Da anterior campaña de 1.982 quedounos sen rematar parte deste sector no seu nivel fértil, é dicir, o Nivel-II. As características xerais deste Sector quedaron xa especificadas na Memoria do ano 1.981 que se atopa no prelo.

Os materiais atopados son, practicamente, todos eles de tipo cerámico (fig. 5). Son un total de 367 anacos. Deles corresponden 297 anacos a fragmentos cerámicos que non presentan decoración e que, seguindo a distribución que deste tipo de cerámicas fixemos xa en anteriores campañas, pódense subdividir según a súa tonalidade: gris (n.º 1-105), roxizas (n.º 106-276) e de dúas coores (n.º 277-279) que son negruzco e roxizo presentados indistintamente, tanto no anverso coma no reverso. Ningunha destas cerámicas presenta variables destacables e as características xerais deste grupo pódense aplicar ao resto das pezas cerámicas.

Trátase de vasixas de pastas groseiras con gran abundancia de degrasantes coma seixo, mica, areas; algúns anacos presentan alisados ou espatulados; a calidade da cocción varía duns a outros existindo algúns que a deberon ter moi deficiente; é frecuente a presencia de borralla que chega a formar capas de varios milímetros de espesor; a presencia deste lumes afectando ás cerámicas atópase tanto no interior coma no exterior e pode responder, coma xa veremos, a causas moi diferentes. Os grosores acadados por estas cerámicas están entre os 3 e os 6 milímetros.

Os fragmentos están moi esnaquizados, pois o máis grande non supera os 7 x 6 mm.

Os fondos son escasos (n.º 298-306) e todos eles son planos.

Os bordes son moito máis abundantes (n.º 307-340) presentando exemplares de tódolos tipos coñecidos neste Castro.

A cerámica decorada (n.º 341-366) presenta variedades de técnicas e motivos pois se atoparon cerámicas impresas, incisas, excisas e con decoracións plásticas, sendo estas últimas as que contan con máis exemplares.

Apareceron tamén dous fragmentos de asas (n.º 367-368). Son moi semellantes, grises, de pasta porosa e de tipo cilíndrico no corpo central que van pegadas ao cacharro cun sinxelo aplique.

Xunto ao conxunto cerámico apareceron neste Nivel fértil do Sector-27 algúns fragmentos de ferro en enorme estado de corrosión e sen posibilidade de ser identificados; tamén minúsculos restos óseos que desfacíansenos ao collelos na man.

Unha vez rematado-los traballos no Sector-27, procedímos a preparar unha nova área de traballo e de excavación. Foi acotada unha área extensa a continuación do anterior Sector-27 cara ao E. da *croa* de 14 x 14 m.. A extensión era moi grande e, coma xa pensamos dende un principio, non quedóu toda excavada. En previsión deste medo, a área foi subdividida e denominada como SECTOR-28, SECTOR-29, SECTOR-30 e SECTOR-31, tal coma reflexa o croquis adxunto (fig. 6). Os muros testigos eran de 1 m. entre os Sectores.

Tendo en conta que xa nos primeiros Sectores excavados atopamos dúas vivendas con abundante material e que a xente que estaba a traballar estaba distribuida en outras zonas de traballo que levábamos ao mesmo tempo (muralla, retirada de muros testigos, limpeza, etc.), da zona inicialmente acotada foron excavados totalmente os SECTORES-28 e 29 ao que lle tivemos que facer unha pequena ampliación para evitar derrumbes dos muros da construcción n.º 10 (fig. 7).

Denantes de poñernos a traballar neste novo espacio e co optimismo inicial, abrimos unha CATA no extremo N-E do SECTOR-30.

CATA-1: de 1 x 1 m. dou un rexistro de estratos normal e esperados cunha profundidade de 1,20 m.:

Nivel I: manto vexetal con algunha pedra solta (35/45 cm.).

Nivel II: terra máis marela con pedra miuda solta (10/15 cm.). Estes dous niveis son estériles e as diferencias entre eles son, máis que nada, de matices. Por eso, moitas veces ao falar dos estratos en zonas exteriores ás construccións, identificamos estes dous niveis nun só (Nivel II).

Nivel III: é o nivel fértil (55/60 cm.). Abundantes anacos de cerámicas (n.º 369-504), algúns de ferro e moita cinza. Todo mixturado con terra moi oscura e pedra solta. A negrura e organicidade desta terra viña dada, en gran medida, pola gran abundancia de restos de material cincento e carbóns pero que tiñan máis aspecto de resultar da descomposición de materiais orgánicos que dun posible incendio. Estes materiais preséntanse en tres capas dun grosor medio de 2 cm.: a primeira aparece a uns 70 cm. de profundidade, a segunda a 90 cm. e a terceira a 110 cm..

Nivel IV: rocha natural.

Dada a abundancia de material cerámico desta Cata-I e as espléndidas condicións en que se ato-

paba, cumprindo todolos requisitos exisidos para as mostras dos análises de *termoluminiscencia*, recollimos material cerámico e terras e as enviamos ao Instituto «Rocasolano» de Madrid.

O material cerámico desta Cata-I supón 96 anacos sen decorar (n.º 369-465) de características semellantes ás que describemos no Sector-27. Os fondos (n.º 466-469) son planos menos un que pode corresponder a un fragmento de fondo de pé alto, aínda que a cativeza do anaco permite ter dúbidas. Os bordes son abundantes (n.º 470-482). Tamén hai cerámica decorada (n.º 483-503) e un fragmento de fusaiola (n.º 504) roxiza, de 6 mm. de grosor, tosca de pasta e mal alisada (fig. 8).

A abundancia do material extraido desta pequena Cata permítenos supoñer que a zona na que se atopa será moi rica en materiais, pois, polo de agora, todalas Catas que fixemos nas campañas anteriores resultaron ser unha excelente guía pola súa exacta correspondencia coa zona ao seu arredor. Poda que a proximidade ao peche da *croa* e á muralla teñan algo que ver con esta abundancia de material. O ano que ven tentaremos de confirmar esta hipóteses.

SECTOR-28

As dimensións son de 7 x 7 m. deixando muros testigos de 1 m. nos lados S. e E.. Esta zona ten dificultades para excavar pola gran inclinación natural do chan que vai en forte declive dende a parte alta da *croa* ata o regato que lle sirve de defensa natural, e tamén de aprovisionamento de auga. Nesta zona, xa próxima á muralla da *croa*, este desnivel acentúase moito dificultando o seguimento dos estratos. Aínda así, estes estratos son os mesmos que atopamos en calquera dos puntos exteriores ás construcións e que se poden simplificar en tres:

Nivel I: manto vexetal. Por baixo dél un estrato de terra marela con pedras soltas estéril (45/50 cm.).

Nivel II: nivel fértil con abundante cerámica. Terra oscura con algunhas zonas de cinzas e carbóns. Abundante pedra solta (30/35 cm.).

Nivel III: rocha natural que presenta grandes irregularidades e fortes desniveis. Esto obrigounos a ter que deixar, unha vez excavado todo, unha especie de «escalóns» para poder circular sen resbalar.

Os materiais cerámicos foron moi abundantes cun total de 566 anacos. Dos que no presentan decoración hai todalas variantes coñecidas (n.º 505-910); hai fondos (n.º 911-928), bordes (n.º 929-1.030), fragmentos decorados (n.º 1.031-1.064) e asas (n.º 1.065-1.070) (fig. 9).

É tamén interesante a presencia dun fogar exterior, sen estar dentro de ningunha construcción. Foi atopado neste Sector-28 a 2,5 m. da cara N. e a 1 m. da cara W. do que chamaremos a construcción n.º 11. É sinxelísimo e consta dunha capa de arxila que foi compactando e endurecindo co propio uso; esta arxila vai metida nun rebaixe feito na rocha natural. O grosor é de 2/3,5 cm.. Non presenta ningún tipo de protección ao seu arredor. Mide aproximadamente 1 x 1 m. e, dada a súa estructura, presenta unha forma completamente irregular. Nas proximidades detéctanse carbóns compactos e unha considerable capa de terra moi queimada que pode chegar aos 6/7 cm. de grosor.

A presencia destes fogares ao aire libre está xa documentada en Borneiro en campañas precedentes e, nesta mesma, atopamos máis que este e deles falaremos máis adiante.

Tamén no estrato fértil do Sector-28 atopamos un anaco, caseque a metade, dunha doa de pasta vítrea (2) azul con ocelos de pasta branca semellante as atopadas no mesmo Borneiro anteriormente.

Dentro da área delimitada por este Sector-28 saliu unha construcción, a C-11 (por aparecer con posterioridade á C-10 que saliu no Sector-29, ésta foi sigiada coma a C-10).

CONSTRUCCIÓN N.º 11

Da *croa* de Borneiro non puido ser excavada totalmente nesta excavación. O que saliu á luz é parte dunha construcción de tipo rectangular pero coas esquinas redondeadas. O aparello dos seus muros é de mala calidade e incluso de menos anchura que o resto das construcións da *croa* de Borneiro (tan só 30 cm. nalgún punto); esta febleza ocasionou derrumbes que logo foron refeitos.

As dimensións do ata agora excavado dan uns anchos de 3,15 m. na parte máis estreita e de 3,65 m. no outro extremo; de N. ao S. varía de 6 m. na cara E. e de 5,20 m. na W. con que a pranta resulta bastante irregular (fig. 10).

Gran parte do muro W. arranca directamente da rocha natural que aflora dentro da construcción nun considerable espacio. O resto da cimentación é mínima penetrando no chan escasos centímetros.

A altura orixinal conservada dos muros é escasa non sobrepasando 1 m.. Cando o canteiro refixo parte dos muros caídos polo seu propio peso, levantou, para iguala-lo conxunto, algunhas fiadas de pedras, presentando agora unha altura de 1,40 m. no muro S. e 2 m. no W.. Esta zona máis alta presenta síntomas de que os primerios estratos estaban remexidos polo que os datos seguintes van referidos ao lado E. que parecía intacto. O Nivel I é o manto vexetal que acada uns 30 cm.. O Nivel III, fértil, con abundante material cerámico e metálico; pedras soltas, pero, en xeral, máis miudas que no nivel anterior. Presenta este estrato ou nivel unha sorprendente abundancia de carbón e terra cincenta que dan unha coloración xeral moi oscura ao conxunto do estrato. Por zonas, as capas de carbón preséntanse con extraordinaria regularidade e horizontalidade chegando a ser tres as capas de carbón que al-

ternan con capas de terra oscura; entre elas o material cerámico é especialmente abundante. O grosor destas capas de carbón é considerable, de 5/6 cm. que poden chegar a 10/12 cm. cara o centro da construcción, preto do fogar. O conxunto do Nivel III é de 30/35 cm.. Dadas as boas condicións que presentaba este Nivel, recollimos tamén mostras para os análises de termoluminiscencia. A rocha natural corresponde xa ao Nivel IV.

A abundancia dos achádegos é grande. Destacan os cerámicos con cerámica non decorada correspondiente a galbos, zonas de vasixa non identificables, de coores roxizos, grisáceos, de pastas groseiras con degrasantes e coas características xerais das cerámicas de Borneiro (n.º 1.235-1.820). Son moi numerosos os fondos (n.º 1.821-1.879), todos eles planos. Os bordes, variados, (n.º 1.880-1.970) e tamén os tipos e motivos da cerámica decorada (n.º 1.971-2.053). Numerosas foron tamén as fusaiolas (n.º 2.054-2.068) moi similares entre elas polo tamaño e grosor. Probablemente dúas delas non son tales fusaiolas pois non presentan o furado central típico delas (ou aínda non estaban rematadas) e servirían para outros fines ¿fichas de xogos?. Tamén as pezas que levan os números 2.067 e 2.068 é probable que sexan máis pezas de collar que auténticas fusaiolas; o aspecto xeral é diferente, o furado máis grande e redondeado; a segunda delas é de pedra, de sección lenticular, o pulido é perfecto e presenta como decoración uns pequenos ocos arredor do furado central. A única asa atopada (n.º 2.069) é cilíndrica (fig. 11).

Mixturados no Nivel III coas cinzas e os carbóns apareceron bastantes anacos de ósos, pero todos eles de mínimos tamaños imposibles de identificar. Un deles chama a atención porque leva no seu interior un fragmento de ferro pero nada podemos aventurar sobre a súa finalidade. Preto dél atopamos unha nova doa de pasta vítrea azulada e branca moi semellante á anterior. En varios puntos deste mesmo Nivel apareceron fragmentos de muiños e pisóns (fig. 12).

O material metálico é abundante e moi interesante. Xunto ao fogar central apareceu unha bola de bronce sen decorar, moi ben feita, de 2 cm. de diámetro cun furado central de 65 mm. e de 28,850 grm. de peso.. Non leva ningunha decoración; o estado de conservación é bo e foi atopada concretamente entre as pedras que por detrás do fogar protexía ao poste que sostiña o tellado (3) (fig. 13).

Entre os achádegos metálicos destaca unha peza de bronce, en perfecto estado de conservación que foi atopada a 50 cm. de profundidade, a 2,15 m. do muro N. e a 2,50 m. do muro W.. Trátase dunha *sítula* de 27,420 gramos de peso, 4 cm. de alto, 5 cm. na base, 4,5 cm. na parte superior; é de traza rectangular con escotaduras redondeadas nos extremos; o remate superior é circular e conserva ben visibles na parte baixa os furados e os remaches, tamén en bronce, cos que uniría co resto da peza. A parte superior vira cara adentro un pouco presentando na curvatura unha decoración de incisións paralelas lisas alternando con outras que levan incisións transversais e que forman debuxos de pequenos cadrados. Este esquema decorativo repítese na parte baixa onde van os remaches e tamén baixo o remate circular (4) (fig. 14).

Tamén é interesante, aínda que tan só é un fragmento, un bronce de forma máis ou menos triangular que debe corresponder a unha vasixa metálica (fig. 15) (fig. 46-B). E unha fina lámina de 1 mm. de grosor, 6,5 cm. de largo, 3,10 cm. de ancho máximo e 7,180 gramos de peso. Nalgunhas zonas conserva restos de fina decoración de punteado. Na parte superior, e unidas con remaches metálicos, leva outras dúas finas láminas tamén de bronce que van remachadas por tres cabezas de cravos cada unha, en bronce e perfectamente conservados. A peza non permite chegar a saber con certeza a súa finalidade exacta. Foi atopada no interior da construcción n.º 11 a 1 m. de profundidade, a 35 cm. do muro W. e a 95 cm. do muro S.

A 1,10 m. do muro W. e a 45 cm. do muro S., e no comenzo do Nivel fértil, topando xa coa rocha natural, atopamos un fragmento de conteira (fig. 16) (fig. 46-E); é de bronce, de 13,900 gramos de peso, cilíndrica, de 3,1 cm. de largo e 7 mm. de diámetro. Conserva o arranque da unión ao resto da peza e que está clasificada coma *transnochana* (E.M.P. 1982) (5).

Preto desta peza apareceu un remate de fíbula de pé levantado e acodado. Ten 2,3 cm. de largo e 4,050 gramos de peso (fig. 16) (fig. 46-D). Leva unha decoración de liñas paralelas incisas na base e no extremo superior ábrese en forma de cono invertido; tamén na parte superior ten unhas finas decoracións en raios de estrela arredor dun saínte central (6).

Aínda que se trata dun fragmento pequeno é interesante unha peza de bronce con remache tamén de bronce que presenta unha fina e ben executada decoración de círculos aillados e en grupos de cinco. E unha fina lámina de 2,850 gramos de peso e que debe perteñecer a unha vasixa metálica (fig. 17) (fig. 46-A).

Ademáis destas pezas de bronce, tamén hai algunhas de ferro coma unha folla de coitelo (fig. 18) (fig. 46-G), e outras difíciles de identificar polo estado de corrosión e oxidación que presentan. Tamén abundan as escorias de fundición, sobre todo arredor do fogar e do poste de sostén do tellado.

A construcción n.º 11 presenta o fogar máis completo e fermoso de todo Borneiro (fig. 19). Non podemos aínda saber se está centrado porque non rematamos de excavar esta construcción pero non parece probable que sexa central porque está máis próximo do lado S.. É un fogar de pranta rectangular do tipo *caixa* formado por pedras fincadas de canto que protexen ese espacio rectangular recheo de arxila roxa endurecida polo lume. Mide aproximadamente 80 x 90 cm. interiores e vai perfectamente pechado e protexido por esas pedras chantadas de

canto e que non sobresaen moito do chan (23 cm. de máximo).

Xusto ao lado S. deste fogar, separado dél pola pedra de maior tamaño, estaba o furado que deixou o poste que sostiña o tellado. E un dos exemplos máis claros de existencia destes postes, neste caso, non é centrado (por tratarse dunha construcción alongada, é probable que saia, na zona aínda por excavar, un segundo poste, co que teríamos tamén documentado nesta construcción n.º 11 o sistema de cobertura con postes pero non centrais para este tipo de tellados non cónicos). O furado deixado polo poste é de 20 x 22 cm. de diámetro e 60 cm. de profundidade. Quedaba ben protexido do lume pola devandita pedra e asegurado o seu manteñemento por unha serie de pedras que, coma cuñas, ou planas, estaban ao seu arredor nunha disposición de tipo semicircular (fig. 20).

No interior desta construcción n.º 11 apareceron dúas pezas interesantes. Unha é un pequeno muro que arranca do muro W. perpendicularmente a él e a 50 cm. do muro S.. Ten de largo 125 cm. e 80 cm. de ancho. Non se trata dun muro medianeiro, pois nótase ben que remata ao chegar a esos 125 cm. Ao lado N. deste muro localizamos un conxunto enigmático pola súa finalidade que se nos presentaba coma unha especie de lugar para gardar cousas; a uns 20 cm. da rocha natural aparecen unhas lousas planas que quedan ben enmarcadas por pedras fincadas que pechan un espacio rectangular do que o cuarto lado é o muro denantes descrito. No interior deste espacio atopóuse un fragmento dunha moa de muiño plano e unha pedra de afiar con evidentes sinais de uso e semellante a outras atopadas en Borneiro en anos anteriores. Ten 7 cm. de ancho, 10 de largo e 1,5 cm. de grosor; é de granito de grao fino ben alisado. Todo o conxunto parece que iba tapado cunha lousa (pensamos que puido ser dunha soa peza ainda que a atopamos en dúas *in situ*). Parece, pois, que podemos pensar nunha especie de alacena ou pequeno depósito para gardar cousas de traballo.

As construccións n.º 11 e n.º 10 teñen os seus muros paralelos e caseque tanxentes. Cúmprese así a clásica norma da arquitectura castrexa de non haber muros medianeiros (fig. 21-22).

SECTOR-29

Coma xa queda dito, tivo que ser ampliado en 3 m. cara ó S. e 50 cm. cara E. ao longo dun frente de 7 m. para evitar derrumbes e protexe-la construcción que salíu no seu interior, a n.º 10. Baixo nivel de terra vexetal, o Nivel II, o fértil, rexistrou un total de 590 fragmentos cerámicos: 464 anacos sen decorar e non identificables con partes determiñadas das vasixas (n.º 2.071-2.534), 27 fondos (n.º 2.535-2.561), 50 bordes (n.º 2.655-2.656) e catro fusaiolas (n.º 2.657-2660), (fig. 23).

Apareceron tamén varios fragmentos de ferro moi oxidados e deteriorados, algún deles pódese identificar coma cravo.

A altura media do conxunto dos niveis é de 70 cm.

Foi interesante a localización dun novo fogar exterior, moi sinxelo, a uns 70 cm. do ángulo N-W. da construcción n.º 10. Formábao unha capa de arxila endurecida e compacta de 6/7 cm. de grosor sobre unha capa de terra que asenta directamente sobre a rocha nai.

Xunto a este fogar localizóuse, perfectamente claro, un furado para soster un poste que supoñemos serviría para colgar dél e sobre o fogar vasixas de asas interiores ou con furados no borde. Arredor deste furado hai pequenas pedras facendo cuñas para asegura-lo poste (fig. 24). O diámetro deste furado é máis pequeno, loxicamente, dos que se atopan no interior das vivendas e o conxunto, coas quedras que o aseguran, é de 35 cm., E-W e 23 cm. N-S. A profundidade do furado é de 50 cm. Nas proximidades deste fogar abundan as cinzas, os carbóns e as cerámicas queimadas con borralla.

No interior do SECTOR-29 saliu á luz nova construcción, a n.º 10. Trátase dunha construcción ovalada que seguramente foi remexida, sobre todo na súa parte central na que presentaba unha fondura. Moreas de terra arredor deben proceder desta expoliación. Por esta razón presentaba estratos remexidos en varias zonas, pero parecen estar intactos polo E..

A pranta é un tanto irregular pois os ángulos das esquinas redondeadas son todos eles diferentes. O diámetro máximo (N-S) é de 5,65 m. e o mínimo (E-W) de 4,40 m.. Os muros están ben conservados e na parte máis alta, cara o W, chega a 1,90 m. (fig. 25).

O aparello é de mampostería con abundante barro e a anchura dos muros é duns 55/60 cm..

Conserva bastante ben o pavimento de barro pisado. Este nivel de habitación queda moito máis baixo que o nivel da rocha natural do exterior. Este dato é frecuente en Borneiro. Tamén é frecuente eiquí non atopar entradas das vivendas, tal coma sucede nesta.

Nalgún punto da construcción, sobre todo no ángulo S-W, os muros arrancan directamente da rocha quedando ésta metida no interior da propia vivenda.

O Nivel III, o fértil, resultóu de escasa potencia (10/15 cm.) e, coma xa dixemos, estaba remexido e alterado nalgúns puntos. Precisamente nestes apareceron uns anacos de vidros —(fig. 26)— con fina decoración de dúas liñas paralelas e un prato de cerámica negra de 13,5 cm. de diámetro e 2,80 cm. de altura (fig. 27); está perfectamente conservado, ainda que partido en varios fragmentos pero que encaixan perfectamente para recompoñelo. E unha cerámica evidentemente extraña a Borneiro por todolos conceptos: tipo de pasta, coor, forma e incluso o feito de atoparse enteiro, auténtica excepción se temos en conta o estado extraordinariamente fragmentado da cerámica deste Castro. Trátase, pois, de dous achádegos extraños, tardíos, de filiación

romana.

Os materiais cerámicos, tendo en conta eses problemas no estrato fértil, foron moi escasos se os comparamos con outros interiores de construcións. Só 164 anacos dos que a gran maioría son sen decoración e pezas non identificables: 126 (n.º 1.071-1.196). Rexistráronse tamén 11 fondos (n.º 1.197-1.207), 10 bordes (n.º 1.208-1.217), 10 fragmentos decorados (n.º 1.218-1.227) e 7 fusaiolas (n.º 1.228-1.234) (fig. 28).

Foron varios os fragmentos de ferro e de bronce atopados nesta construcción n.º 10, pero ningún deles identificable polo seu pequeno tamaño e polo estado de corrosión e oxidación. Tamén hai restos de escorias de fundición. Unicamente, entre as pedras que rodeaban o poste do tellado, apareceu unha peza de ferro de 21,50 cm. de largo e que ten aspecto de buril. Ainda que moi deteriorados, identifícanse fragmentos de crisol de fundición.

Practicamente desfeitos apareceron anaquiños de óso, dispersos e totalmente imposibles de identificar.

Tamén neste Nivel III había fragmentos de muiños planos e unha pedra de afiar con profundos sulcos do uso; é de granito de tonalidade gris e ben puída.

Interesante é unha peza que debe ser un colgante tipo amuleto que recorda aos idolillos do S. da Península (fig. 29) (fig. 46-F). Conserva o furado por donde iría colgado. É unha peza de pedra de coor de terra clara perfectamente alisada que vaise adelgazando cara ao seu remate. Mide 4,3 cm. de largo e pesa 13,460 gramos.. Foi atopado a 85 cm. de altura, no Nivel III, a 35 cm. do muro E. e a 246 cm. N..

Unha vez máis, no interior da construcción n.º 10 atopamos o fogar, que, neste caso, ao non se-la construcción circular, non é central, senon que vai situado na mitade S., aínda que sí vai centrado no ancho da construcción. É un fogar sinxelo de arxila endurecida e pisada de 120 x 125 cm. e 6/7 cm. de grosor que vai protexida por tres lados con pedras fincadas de canto que deixan libre o frente (fig. 30).

En varias zonas da vivenda e tal coma queda reflexado no debuxo, había unha especie de depósitos de arxila de grosores variables.

A presencia de postes que sostiñan o tellado foi moi interesante xa que quedou claro que a pranta ovalada precisaba dun tellado tamén ovalado sostido por dous postes. Os furados deixados por estes dous postes foron perfectamente localizados (fig. 31). Un deles está por detrás do fogar e protexido do lume por pedras ao seu arredor seguindo unha estructura xa ben coñecida en construcións circulares no propio Borneiro. O segundo poste iba sinxelamente metido no chan e unicamente unhas pequenas pedriñas facían de cuñas para sostelo mellor (fig. 32).

Con todos estes datos que vai proporcionando o Castro de Borneiro podemos ir completando as nosas suposicións e hipóteses sobre as coberturas vexetais das casas castrexas e os seus sistemas de soportes.

Os diámetros dos postes atopados na casa n.º 10 varían lixeiramente: o que vai por detrás do fogar é de 30 cm. e o segundo poste ten 25 cm. de diámetro. A profundidade varía tamén moi pouco: 35 cm. primeiro caso e 30 cm. no segundo.

CONSTRUCCIÓN N.º 12

Cando foi descuberta estaba xa practicamente arrasada. Non conservaba máis dunhas fiadas dos seus muros e a súa excavación foi totalmente estéril. Só na zona central quedaban mínimos indicios de arxila que é probable que pertenceran ao fogar. A pranta é irregular máis ou menos redondeada duns 4 m. de diámetro. O aparello é de mamposteria típico do resto das construcións de Borneiro e o grosor dos muros é duns 50 cm. O canteiro reconstruiona un pouco para evita-la total desaparición (fig. 33).

No interior, no nivel de derrumbe, o Nivel II, apareceron duas pedras do mesmo tipo que apareceran xa nas campañas de 1.982 e 1.983 (7) e que pensamos que irían empotradas nos muros para servir coma colgadores cunha barra de madeira apoiada neses típicos entrantes que presentan (fig. 34).

Para ir conseguindo unha máis amplia visión da *croa* de Borneiro, retiramos varios **muros testigos** dos deixados das excavacións anteriores dos anos 1.930 e 1.970.. Foron en total 6, os que levan os números **12, 13, 14, 15, 16-A e 16-B** (fig. 35). Estes muros, nalgún caso, eran un perigo, porque os visitantes, subidos a eles, saltaban por riba dos muros das vivendas (fig. 36).

Todos eles teñen 1 m. de ancho, só o 16-B é doble, 2 m. e corresponden ás divisións de cuadrículas de 3 x 3 m..

Ao excavar o testigo n.º 12 apareceu un muro curvo que ocupaba practicamente a totalidade do ancho do testigo. Seguramente terá continuidade cando se faga a excavación nas zonas continuas.

A estratificación destes muros testigos é a mesma para todos cun Nivel I de manto vexetal e un Nivel II fértil e xa o Nivel III que é a rocha natural. A altura media é duns 70 cm.

Os materiais refírense soamente a restos metálicos (escorias de ferro, restos de crisoles de fundición) e cerámicos. Estes últimos non se diferencian do resto dos atopados noutras zonas do Castro (fig. 37-38-39).

O último sector de traballo do Castro de Borneiro na campaña de 1.983 foi na construcción empotrada na muralla da croa no punto onde xa en anos anteriores se fixera un corte para ver a estructura da muralla no interior. A extensión acotada foi de 8 x 8 m. subdividida en 4 cuadrados de 4 x 4 m. denominados **M-1, M-2, M-3, M-4** cara o N. da construcción

alongada descuberta no 1.982 (fig. 40). O traballo deste ano consistiu en remata-la excavación desta construcción e seguir traballando nos sectores acotados que tamén quedaron rematados. Unha vez excavada toda a construcción, coma nalgún punto amenzaba caída, foi consolidada e reconstruido algún pequeno sector derrumbado.

Esta construcción da muralla ten pranta alongada cos seus extremos redondeados (fig. 41). O diámetro máximo é de 6,50 m. E-W e o mínimo é de 3,75 m. N-S. O muro W. atópase empotrado na propia muralla. Por iso, para evitar derrumbes, unha vez excavado ese lenzo e comprobada a curvatura dos muros, voltamos a tapalo deixando 1 m. de terra cara o interior da construcción para protexela.

O aparello e a anchura dos muros non difiere moito do resto das construccións de Borneiro; é mampostería de pedras esquistosas con abundante barro local e duns 55/60 cm. de ancho.

No interior da construcción apareceu a sucesión normal de niveis: Nivel I de manto vexetal, Nivel II de derrumbes de muros con moita pedra solta e barro, Nivel III o fértil e Nivel IV a rocha natural. No Nivel III, aínda que non era uniforme a súa presencia en todolo espacio interior, había claros restos dun pavimento de barro pisado duns 3/4 cm. de grosor. Daba a impresión de que este pavimento separaba dous niveis fétiles aínda que co mesmo tipo de materiais polo que non se trata de dous niveis de habitación, senon tan só dun adecentamento do interior da vivenda, cousa que tamén foi documentada noutras vivendas de Borneiro, coma na n.º 3 (8).

Non atopamos fogar, polo menos do tipo normal das outras construccións delimitado por pedras fincadas, pero sí había en varios puntos, sobre todo na zona N-W, arxila endurecida polo lume.

Tamén é un pouco problemática a presencia do furado deixado polo poste que sostiña o tellado. A 2 m. do muro N., 4,35 m. do muro E., a 2,40 m. do muro S. e a 1,25 m. do muro W. hai unha sinal do referido poste; é un simple furado no chan que no fondo (a uns 40 cm.) ten pequenas pedriñas que fan de cuñas para asegurar ese poste. Tendo en conta a pranta xeral desa construcción e pensando que sucedería algo semellante ao da construcción n.º 10 con 2 postes, esperabamos atopar eiquí o segundo furado cara o extremo S-E, pero no foi así. Tendo en conta a sinxeleza constructiva deste poste e os fortes derrumbes procedentes da muralla que alteraron os estratos, non é difícil que este resto deixado polo poste non se conservara.

Dende o muro N. e nunha extensión de, aproximadamente, 1 m. de largo, aparecen unhas laxes planas colocadas coma se fora un pequeno e sinxelo banco duns 70 cm. de ancho e 40 cm. de altura. Practicamente chega ao lugar ocupado polo poste de sostén do tellado e á zona donde foi atopada a capa de arxila máis grande e compacta e que identificamos coma un fogar.

Os materiais non son abundantes, nen tan sequera os cerámicos. Só saíron 71 anacos distribuidos en cerámica sen decorar (n.º 3.154-3.200), fondos (n.º 3.201-3.204), bordes (n.º 3.205-3.210), cerámica decorada (n.º 3.211-3.221), fusaiolas (n.º 3.222-3.223) e unha asa (n.º 3.324). As características son semellantes ás das restantes construccións (fig. 42).

Despois da exposición dos traballos arqueolóxicos e a someira referencia dos achádegos, tendo en conta que de todos eles sobresáen con moito os cerámicos, imos deternos un pouco neles e facer algunhas consideracións xerais:

A primeira anotación que convén facer è a enorme fragmentación dos achádegos cerámicos, pois practicamente en ningún caso superan os 10 cm². Este feito vai dificultar o estudio destes materiais xa que, en moitos casos, nin é posible determiñar a qué parte do cacharro pertenece, nin os diámetros, cando se trata de bocas ou fondos; a mesma posibilidade de reconstrucción é remotísima. Con todo esto, as formas das vasixas siguen sendo pura hipótese.

O conxunto cerámico de Borneiro presenta unha grande uniformidade no tipo de pastas, grosores, coores, factura, cocción, etc.. Polo de agora non parece existir ningunha diferencia apreciable entre os materiais das zonas excavadas ao longo de tódalas anteriores campañas. As posibles diferencias nas porcentaxes poden ser debidos a razóns puramente casuais ou debidas á mesma fragmentación que pode permitir siglar coma anacos independientes os que, en realidade, puideron pertenecer a un mesmo cacharro.

Por outra banda, as porcentaxes e os totais dos diferentes tipos de fragmentos coinciden en tódolos sectores excavados e manteñen as mesmas relacións que en anteriores traballos de excavación. Así podese comprobar no seguinte esquema:

	S.27	CATA-I	S.28	C-10	C-11	S.29	T-13	T-14	T-15	T-16a	16-b	Muralla
Cer. non Decor.	297	98	406	126	586	464	48	41	49	82	103	47
Fondos	9	4	18	11	59	27	6	2	1	6	11	4
Bordes	34	13	101	10	91	50	12	26	17	21	29	6
Cer. Decorada	26	21	34	10	83	43	8	5	2	7	8	11
Asas	2	0	6	0	1	2	1	2	0	2	1	1
Fusaiolas	0	1	0	7	15	4	0	0	2	1	0	2
Total	**368**	**137**	**566**	**164**	**835**	**590**	**75**	**76**	**71**	**119**	**152**	**71**

Traducidos estes valores a porcentaxes, temos:

Cerámica non decorada 72,76%
Bordes 12,71%
Cerámica con decoración 8%
Fondos 4,90%
Fusaiolas 0,99%
Asas 0,55%

	S.27	CATA-I	S.28	C.10	C.11	S.29	T.13	T.14	T.15	T.16a	T.16b	Muralla
Estampillada	6,8%		10%	5,5%	6,6%	7,1%	20%	33,3%	50%	16,6%	37,5%	
Ungulada	17,2%	4,5%	15%	11%	3,3%					16,6%		
Bruñida	6,8%	4,5%			6,6%		40%				12,5%	
Inst. Punzante		4,5%	15%	5,5%	6,6%	14,2%		16,6%				
Grabada				11%	13,3%	7,1%						
Acanalada			2,5%		3,3%			16,6%		16,6%		
Cepillada	10,3%			5,5%		2,3%						
Excisa	3,4%			5,5%	3,3%			16,6%				
Cordón Triang.	3,4%	4,5%	2,5%	5,5%	3,3%	4,7%						
Cordón Redon.	27,5%	50%	17.5%	22,2%	30%	47,6%	20%			33,3%	25%	100%
Cordón Ungula.	3,4%	4,5%		11%		2,3%		16,6%			12,5%	
Cordón Decor.	3.4%	9%	10%	16,6%	13,3%	4,7%	20%					
Pezóns	6,8%	4,5%	22,5%		6,6%	7,1%			50%			
P. Diamante	10,3%	13,6%	5%	5,5%	3,3%	2,3%				16,6%	12,5%	

As diferencias porcentuais mantense máis ou menos semellantes aos dos anos anteriores. Pode que nos valores mínimos haxa algunha matización non significativa porque esta variación pode introducila un número pequeno de pezas. Interesa máis suliñar o manteñemento da gran superioridade de cerámica que non presenta decoración e logo os bordes. Sempre destacaron pola súa abundancia neste xacemento, ao contrario dos fondos que resultan moi escasos, por debaixo, incluso, da cerámica con algunha decoración. As pezas cerámicas que tradicionalmente véñense chamando *fusaiolas* non foron moi abundantes nesta campaña e tampouco as asas.

O gran conxunto da cerámica que non presenta decoración, nin é borde ou fondo, presenta unhas decoracións que son roxizas ou grisáceas e moitas veces as dúas posibilidades están presentes na mesma peza. As pastas, tanto estas coma, loxicamente, o resto do material cerámico, son groseiras, toscas, presentan unha textura pouco alisada e presentan abundante material degrasante coma seixos, areas e micas. O tipo de cocción non é uniforme, pois obsérvanse nalgunhas unha certa calidade, mentras que outras desfanse ao tocarlles nunha arxila caseque area mal cocida. Moitas delas presentan manchas negras ou grisáceas, sinal de ter estado preto do lume. Tamén hai moitos casos en que estas manchas transfórmanse en capas de borralla de considerable espesor. Pero convén anotar que estas pegadas do lume poden presentarse tanto no interior coma no exterior das pezas.

Moitas das cerámicas de Borneiro están feitas a man e outras a roda. Non sempre é fácil diferencialas mostras e por iso preferimos non arriscar porcentaxes.

Os grosores medios máis xeneralizados están entre os 3 e os 6 mm.. Algunhas pezas, poucas, rebasanos: así, algunha non ten máis de 2,3 mm. e outra pode chegar aos 15 mm., pero son auténticas excepcións.

Os bordes, posto que tamén son anacos dos que non se poden tirar moitas conclusións, clasificamolos polo tipo de labio e polo diámetro. Tampouco apreciamos diferencias substanciais co que xa coñeciamos:

	Planos	Oblicuos	Apuntados Convexos	Redondeados Convexos	Circular	% de Pezas Clasificadas
Sector-27	26,4%	26,49%	8,8%	29,4%	2,9%	93,9%
Cata-I	15,3%	38,4%	15,3%	30,6%		100%
Sector-28	39,6%	19,8%	6,9%	15,8%	5,9%	88%
Const-10	20%	20%	10%	10%		60%
Const-11	35,1%	26,3%	8,7%	10,9%	4,3%	85,7%
Sector-29	24%	50%	6%	4%	2%	86%
Testigo-13		66,6%	16,6%	8,3%	8,3%	100%
Testigo-14	19,2%	53,8%	7,6%	15,3%	3,8%	100%
Testigo-15	11,7%	58,8%	5,8%	11,7%		88,2%
Testigo-16A	23,8%	38%	4,7%	4,7%		71,4%
Testigo-16B	24,1%	41,3%	10,3%	10,3%		86,2%
Muralla	50%	33,3%				83,3%
Total	33,1%	38,7%	9,1%	15%	3,8%	

Quedan, pois, sen poder determiñar polo seu mal estado o 14,6% dos bordes atopados.

Tentamos tamén de saber os diámetros das bocas pero ao seren tan pequenos os fragmentos, moitísimas veces esto non foi posible e noutras ocasións tivo que ser só aproximado o dato quedando distribuidos coma sigue:

Diametros en centrimetros (en %)

10	12	12	16	18	20	22	24	26	28	30	32	34	36
1,0	4,2	7,4	4,2	11,7	7,4	17	10,6	11,7	5,3	6,3	5,3	4,2	3,1

Os datos só puideron ser obtidos no 23% dos casos xa que o 77% restante dos bordes non tiñan suficiente tamaño para determiñar a curva da boca con exactitude.

Coma se pode observar, trátase de cacharros de boca regular entre 18 e 26 cm. fundamentalmente. Faltan tanto as vasixas pequeniñas coma os grandes recipientes.

Os fondos presentan só dúas modalidades, aínda que unha delas é pouco relevante, pois son nada máis que tres os exemplares rexistrados (os fondos do tipo cóncavo redondeado ou tipos de pé elevado):

	Planos	Concavo Redondeado
Sector-27	100%	
Cata-I	75%	25%
Sector-28	94,4%	5,5%
Const. 10	100%	
Const. 11	100%	
Sector-29	100%	
Testigo-13	83,3%	16,3%
Testigo-14	100%	
Testigo-15	100%	
Testigo-16A	100%	
Testigo-16B	100%	
Muralla	100%	

Eses pés altos ou bases cóncavas redondeadas son interesantes pola súa propia rareza e polas posibles relacións con outras cerámicas do Centro da Península. Pero a cativeza dos achádegos desta campaña non permiten saber a forma xeral nen tan sequera da mesma base e, polo tanto, moito menos da vasixa completa, co que a comparación e estudo xeral é difícil.

Tamén son moi poucos casos nos que foi posible determiña-lo diámetro destes fondos. (No 21,5% dos casos). Os valores son:

Diametros en centrimetros (en %):

12	14	16	18	20	22	24	26
11,7	20,5	14,7	8,8	2,9	17,6	17,6	5,8

Bastantes exemplares presentan uns considerables grosores das pastas nos puntos de unión con arranque da panza, dato que nos pode orientar sobre a súa técnica de feitura.

O grupo dos fragmentos decorados sempre resulta interesante. Non se atopou ningún motivo decorativo novo e incluso parece posible recoñecer coma pertenecentes ao mesmo cacharro pezas atopadas en diferentes campañas.

Atendendo ao tipo de técnica decorativa, temos (fig. 43):

IMPRESA

Estampillada	9,4%
Ungulacións	7,5%
Total	**16,9%**

INCISA

Bruñida	3,7%
Con intrumento punzante	8,0%
Grabada	4,2%
Acanalada	1,8%
Cepillada	2,3%
Total	**20,2%**

EXCISA	1,8%
Total	**1.8%**

DECORACIÓNS PLASTICAS

Pezóns	8,4%
Cordóns-triangulares	3,3%
Cordóns-redondeados	31,6%
Cordóns-decorados con ungulacións	3,3%
Cordóns-decorados con instrumento	8%
Cordóns-«Puntas de diamante»	6,1%
Total	**60,8%**

Hai que ter en conta que algúns fragmentos poden presentar máis de un tipo ou técnica decorativa, polo que as porcentaxes poden presentar algunha aparente irregularidade.

Queda claro que as decoracións plásticas supoñen unha abrumadora maioría e, dentro delas, os cordóns redondeados suman máis que todo o resto das temáticas. Estes *cordóns* preséntanse, sobre todo, formando bandas hourizontais no corpo da vasixa, as veces, en paralelo. Poden alternar entre elas con outras decoracións e poden tamén formar debuxos curvilíneos. Hainos de diferentes anchuras que oscilan entre os 3 e os 7 mm.. Nalgúns fragmentos é doado observar a técnica decorativa de aplicación destes cordóns porque nalgún punto despréndese permitindo ver perfectamente cómo se trata dunha aplicación decorativa superposta. Poden levar decoración feita con instrumento punzante formando debuxos xeométricos e *ungulacións* que se presentan con diferencias na súa regularidade.

Estes cordóns aparecen en bastantes ocasións asociados a outro tipo de decoración plástica: os *pezóns*. Tamén é fácil apreciar cómo se trata de apliques sobre o barro blando polos rebordes na base do cono coma pola caída dalgún deles deixando a súa pegada.

A técnica *incisa* está ben representada e as diferentes modalidades quedan distribuidas en porcentaxes moi semellantes.

As estampilladas representan, sobre todo, debuxos de tipo espigado con algunhas variantes nas simetrías. As ungulacións preséntanse en formas variadas, ben alineadas ou formando composicións e en asociación con outros motivos e técnicas.

Queda, para rematar, a cerámica con decoración *excisa*, escasamente representada pero interesante pola cronoloxía que pode representar. En tódolos casos é unha decoración de triángulos que nalgún deles leva raiado interior.

Resultan moi escasas as asas e non atopamos nesta campaña ningun outro tipo de suspensión coma os furados preto do borde ou asas interiores. Rexistráronse dous tipos: planas rectangulares (45%) e cilíndricas (55%). Nos dous casos van unidas á vasixa sinxelamente por aplicación (fig. 44).

Rematando o estudio dos materiais cerámicos falaremos desas pezas cerámicas, moitas veces feitas aproveitando vasixas rotas, redondeadas e cun furado interior central que se veñen denominando *fusaiolas*, ainda que o seu uso non sempre está claro. Atopáronse este ano un total de 32. Os diámetros oscilan entre 3 e 5,5 mm., sendo os valores máis representados os de 3,5 e 4 mm.. Os grosores son semellantes aos das restantes cerámicas entre 3 e 9 mm., sendo o valor de 5 mm. o máis representado. Cáseque ningunha destas pezas está completa aínda que non é moi difícil recompoñer a súa forma orixinaria. O furado está bastante centrado e presenta uns valores moi semellantes arredor dos 5 mm. (fig. 45).

Así pois, ao remate da campaña de excavacións de 1.983, hai tres novas construccións e a da mura-

lla rematada: un amplo espacio ao retirar os seis muros testigos e unha zona cara o E. da *croa* que está a chegar á muralla. Se a esto sumamos as pequenas reconstruccións en construccións excavadas anteriormente e a limpeza na *croa*, foxo e barrio de *extramuros*, o aspecto do Castro de Borneiro vai cambiando cada ano.

Os materiais, os niveis e os aspectos xerais das construccións non varían moito do resultado das campañas anteriores. Hai unha gran uniformidade nos materiais, sobre todo nos cerámicos e apareceron máis pezas metálicas que en anteriores ocasións. Os restos de bronce e ferro, tanto en pezas coma en escorias e anacos sen identificar, son abundantes.

A idea de que o Castro de Borneiro foi habitado nun só momento parece cada vez máis clara. O abandono debeu de ser lento, tendo en conta o estado e o tipo dos materiais. Así pois, polo de agora, a falta de novos datos que poidan proporcionarnos os novos tipos de análises de datación cronóloxica, mantemos para Borneiro a datación xa coñecida.

ANA ROMERO MASIÁ
Directora das Excavacións

BIBLIOGRAFÍA

(1) O Castro de Borneiro está situado nas coordenadas 43° 11' 40" Lat. N. e 5° 15' 47" Lonx. W. no Axuntamento de Cabana (A Coruña).

Sobre anteriores excavacións ou traballos a él referidos, pódese consultar:

GONZÁLEZ GARCÍA PAZ, S.: *Noticia sobre las exploraciones arqueológicas en los castros de Borneiro y Baroña*. B.U.S., 1.933, p. 323-351.

EIROA, J.J.: *Notas sobre el Castro de Borneiro*. Caesaraugusta, 1.968, p. 159-170.

EIROA, J.J.: *Un corte estratigráfico en el Castro de Borneiro*. XI C.N.A., 1.969, p. 335-8.

EIROA, J.J.: *Excavaciones arqueológicas en el Castro de Borneiro*. N.A.H., 15, 1.971, p. 139-143.

EIROA, J.J.: *Una fecha radiocarbónica para el N-W peninsular*. Estudios, II, Zaragoza 1.973, p. 48.

ROMERO MASIÁ, A.: *Avance de la Memoria de las excavaciones del Castro de Borneiro (Cabana-Coruña) de 1.981*. N.A.H. 18, 1.984, p. 213-231.

ROMERO MASIA, A.: *Memoria de las excavaciones del Castro de Borneiro. Campaña de 1.982*. N.A.H. (no prelo).

(2) GONZÁLEZ GARCÍA PAZ: op. cit. p. 334.
ROMERO MASIÁ: op. cit. p. 219.

Sobre estas doas de vidrio policromado, tan abundantes nos nosos castros e nos portugueses e sobre a súa orixe, hai abundante bibliografía, sobre todo de autores portugueses coma Mario Cardozo, Alves Pereira, Rosas da Silva, Cordeiro de Sousa, Luis Chaves, etc., con traballos nas principais revistas portuguesas coma a *Revista De Guimarães, Portucale* ou *O Archeólogo Portugués*. Tamén ao traverso das Memorias de excavacións dos numerosos castros é doado atopar referencias a estas pezas.

(3) BOUZA BREY, F.: *Cuentas de bronce decoradas de los Castros Galacicos*. G.E.G., fasc. LIV, 1.963, p. 1-15.

As similitudes da nosa peza coas estudadas por Bouza está referida á forma xeral, pois a de Borneiro é lisa, non presenta decoración. Aínda así, pensamos máis nunha finalidade ornamentística formando parte, por exemplo, dun collar.

(4) CARBALLO ARCEO, L.X.: *Aportación al estudio de la sítulas en el Occidente de la Península Ibérica*. C.E.G., n.° 99 (no prelo).

(5) Este fragmento de conteira é insuficiente para poder reconstrui-la peza completa, o tamaño, o peso, a forma xeral, polo que as semellanzas e posibles paralelos sería aventurado facelas. En Galicia non son demasiado frecuentes, pero sí nos xacementos da Meseta.

(6) Este remate de fíbula de bronce non nos permite chegar a saber con exactitude o tipo de fíbula ao que perteñecen. O máis seguro é que formara parte dunha fíbula de pé acodado en ángulo máis ou menos recto e arco redondeado. Pero ao non conservar nin éste nin a agulla é difícil saber do tipo concreto de que se trataba. Podería ser un exemplar do tipo chamado *golfo de León* ou tipo *Sabroso* e os paralelos teríamos que buscalos entre os moitos exemplares destes tipos atopados tanto no propio N-W coma na Meseta ou no País Vasco. A bibliografía sobre estes temas é abundante destacando para estes tipos de fíbulas os traballos de Schule, E. Cuadrado, C. Morán, J. Fariña ou López Cuevillas.

(7) ROMERO MASIÁ: op., cit., p. 219-220.

(8) ROMERO MASIÁ: op., cit., p. 215.

FIGURAS



1. Situación xeográfica de Borneiro.

2. Vista xeral da *croa* de Borneiro.



3. Vista xeral.



4a. Plano xeral de Borneiro.



4b. Plano xeral de Borneiro.



5. Materiais do Sector-27.



6. Plano dos Sectores 28, 29, 30 e 31.



7. Sectores excavados.



8. Materiais da CATA-I.



9. Materiais do Sector-28.



10. Construcción n.º 11.

11. Materiais da construcción n.º 11.

12. Fragmentos de muiños do Castro de Borneiro.



13. Bola de bronce.

14. Sítula.

15. Fragmento de bronce conservando remaches de unión con varias placas.



16. Fragmento de conteira e de fíbula.



17. Fragmento de bronce decorado.



18. Folla de coitelo de ferro.



19. Fogar da construcción n.º 11.



20. Vista do fogar da construcción n.º 11.

21. Vista xeral da construcción n.º 11.



22. Muros das construccións n.º 10 e 11.



23. Materiais do Sector-29.



24. Furado deixado polo poste dun fogar exterior.



25. Construcción n.º 10.



26. Fragmentos de vidros.



27. Prato atopado na construcción n.º 10.



28. Materiais da construcción n.º 10.



29. Colgante en pedra.



30. Fogar na construcción n.º 10.

31. Furado deixado polo poste na construcción n.º 10.

32. Vista xeral da construcción n.º 10.

33. Vista na que se resalta a construcción n.º 12.



34. Pranta da construcción n.º 12 e posibles *pedras / colgadores.*



35. Plano dos muros testigos retirados.

36. Vista xeral unha vez retirados os muros testigos.



37. Materiais dos muros testigos.



38. Materiais dos muros testigos.

39. Materiais dos muros testigos.



40. Plano dos Sectores a excavar na zona da muralla e pranta da construcción.

41. Vista xeral da construcción da muralla.



42. Diversos materiais.



43a. Exemplos de cerámica decorada do Castro de Borneiro.





43b. Exemplos de cerámica decorada do Castro de Borneiro.



44. Diversos tipos de asas.



45. Fusaiolas.



46. Pezas atopadas na construcción n.º 11-N.III (A-B-C-D-E-G) e construcción n.º 10-N.III (F).

MEMORIA DAS EXCAVACIÓNS DO CASTRO DE BORNEIRO (Cabana - Coruña) (1984)

SEGUNDA PARTE

CAMPAÑA 1984

No mes de xulio de 1984 levámonos a cabo, ó ao quinto ano desta terceira etapa, traballos de excavación arqueolóxicos no Castro de Borneiro (1) (Fig. 1). Contaron coa participación dos alumnos da Facultade de Historia da Universidade de Santiago, Manuel Carlos Martínez Barreiro, Xosé Xurxo Couto Rodríguez, Xosé Carlos Garcia Sayavedra, Xosé Felipe Fernández López, María Avelina Vázquez Moreanza, Paz Álvarez Pérez, Pilar Barciela Garrido, Manuel Mosquera Coblán, Julio Antonio Franco del Amo, os licenciados Xosé Manuel Rosa Mosquera e Germán Abella Chouciño e varios obreiros do propio Borneiro que, coma en anteriores campañas, contribuíron co seu traballo constante e exemplar aos traballos máis duros e ingratos de calquera excavación.

O balanco xeral da campaña foi extraordinariamente positivo por moitos motivos: o tempo fácil, incluso a labouro en non ter que pasar grandes calores nin soportar abundantes chuvias coma nos sucedera en anos anteriores. O equipo de xente que traballou este ano foi especialmente disciplinado, sufrido e traballador, co que pudemos excavar un área moito máis ampla do previsto inicialmente.

Entre os obreiros tivemos con nós un hábil canteiro que, coma xa se fixo o ano anterior, despois de fixarse ben no sistema constructivo das construcións de Borneiro, refixo algunhas das excavadas en anos anteriores no Castro e que, por varias razóns, precisaban dunha reparación. Así recompuxose un anaco de lenzo da construción nº 4, que, por mirar nel un muro testigo, era un punto excelente para que os visitantes saltaran entre dos muros destacados. Algo semellante pasaba coa construción nº 8. No caso da nº 7 foi diferente, pois é unha construción xa excavada nos anos 70 que estaba moi arruinada lo mesmo que lle ocurre á construción nº 6 que será reparada nas próximas campañas.

Cando fomos retirando os muros testigos dos que xa falaremos, saíu unha nova construción, a nº 15. A que tamén o canteiro reparou algún punto do seu alzado para evitar progresivos derrumbes. En todos estes casos, e coma xa se fixo nos anos anteriores, as reconstrucións — pois non se trata realmente [illegible] do sistema constructivo empleado [illegible] aproveitándose dos sacos das [illegible] propias construcións que [illegible] das desas construcións que agora reparamos. O barro utilizado é o local: do propio chan de Borneiro e a proporción empregada é practicamente a mesma. A altura que se lles daríamos supera os niveis do chan actual, é dicir, nunca se especulou coa posible altura das primitivas construcións. A anchura dos muros é facilmente mantenible aínda que só se conservan algunhas fiadas. Para protección destes muros, sobre a última fiada de pedras o barro, botámoslle terróns de terra que contribuen a fixar os muros e a mantelos en pé. Con todos estes traballos imos conseguindo que o Castro de Borneiro e, sobre todo, a parte da cima, vaia adquirindo un aspecto interesante nos ollos, cada vez máis numerosos, visitantes (Fig. 2).

Coma xa anotaba máis arriba, os plans previstos de traballo foron superados con creces e ás ao [illegible] zonas de traballo tivemos que engadir outras novas. Foron, en total, case 250 m² o preto de 200 m³ de terras removidas (Fig. 3 e 3 A).

Hai que engadir ao anterior, todolos traballos de limpeza e que nesta campaña, realmente, foron moi intensos. Practicamente o chamado *barrio de ca-ha-muros* quedou limpo co que o seu aspecto cambiou sustancialmente ata o punto de case min coñecelo nós mesmos. Dende a cima era visible o regato que, circundando o Castro, servíalle de foxo natural. A muralla da cima e o espacio interior quedou tamén totalmente limpo de maleza. A gran parte do propio foxo ocupouse o mesmo. A desgracia é que estas limpezas non sexan duradeiras pois, se non se fai nada máis que podar las malas herbas (foxos, olivas, fieitas), num prazo de 2 ou 3 anos está todo cubierto de novo. Por iso, un año máis, no tempo apropiado e duas vezes ao ano, imos a Borneiro a tratar productos herbicidas. Non son moi de sanio para solucionar o problema, pero fan moito ben, sobre todo nas zonas escavadas. Así levamos conseguido que na erba, onde se lle vanen botando dende fai tres anos, xa medra só herba que non pero ollica nin dificulta a construcións nos construcións. Evidentemente, estes productos son botados con todo tipo de garantías e previamente os veciños son avisados: a Alcaldía da un bando e o crego comentao na igreja. Nunca tivemos o máis mínimo problema.

Outro traballo ingrato, pero tan necesario como os anteriores, é a retirada das terras e pedras recolocadas na escavación. Son grandes montes de mate-

MEMORIA DAS EXCAVACIÓNS DO CASTRO DE BORNEIRO (Cabana - Coruña) (1984)

No mes de xullo de 1.984 leváronse a cabo, xa no quinto ano desta terceira etapa, traballos de excavación arqueolóxicos no Castro de Borneiro (1) (Fig. 1). Contaron coa participación dos alumnos da Facultade de Historia da Universidade de Santiago, Manuel Carlos Martínez Barreiro, Xosé Xurxo Couto Rodríguez, Xosé Carlos García Saavedra, Xosé Felipe Fernández López, María Avelina Vázquez Mourenza, Paz Álvarez Pérez, Pilar Barciela Garrido, Manuel Mosquera Cobián, Julio Antonio Franco del Amo, os licenciados Xosé Manuel Pose Mesura e Germán Abella Chouciño e varios obreiros do propio Borneiro que, coma en anteriores campañas, contribuíron co seu traballo constante e exemplar aos traballos máis duros e ingratos de calquera excavación.

O balance xeral da campaña foi extraordinariamente positivo por moitos motivos: o tempo facilitounos a laboura ao non ter que pasar grandes calores nin soportar abundantes choivas coma nos sucedera en anos anteriores. O equipo de xente que traballou este ano foi especialmente disciplinado, sofrido e traballador, co que puidemos excavar un área moito máis ampla do previsto inicialmente.

Entre os obreiros tiñamos con nós un hábil canteiro que, coma xa se fixo o ano anterior, dempois de fixarse ben no sistema constructivo das construcións de Borneiro, refixo algunhas das excavadas en anos anteriores no Castro e que, por varias razóns, precisaban dunha reparación. Así recompúxose un anaco de lenzo da construcción n.º 4, que, por morrer nel un muro testigo, era un punto excelente para que os visitantes saltaran enriba dos muros desfacendoos. Algo semellante pasaba coa construcción n.º 6. No caso da n.º 7 foi diferente, pois é unha construcción xa excavada nos anos 70 que estaba moi arruinada (o mesmo que lle ocurre á construcción n.º 8 que será reparada na próxima campaña).

Cando fomos retirando os muros testigos dos que xa falaremos, saliu unha nova construcción, a n.º 15, á que tamén o canteiro reparou algún punto do seu alzado para evitar progresivos derrumbes. En todos estes casos, e coma xa se fixo nos anos anteriores, as *reparacións* —pois non se trata realmente de reconstruccións— foron feitas partindo dun estudo previo e a fondo do sistema constructivo empregado polos castrexos; as pedras son as mesmas que eles utilizaron, pois aproveitamolas que sacamos dos interiores das propias construcións que foron excavadas e que formaban parte dos derrumbes desas construcións que agora reparamos. O barro utilizado é o local do propio chan de Borneiro e a proporción empregada é practicamente a mesma. A altura que se lles dou nunca supera os niveis do chan actual, é dicir, nunca se especulou coa posible altura das primitivas construcións. A anchura dos muros é facilmente mantenible aínda que só se conservan algunhas fiadas. Para protecións destes muros, sobre a última fiada de pedras e barro botámoslle terróns de terra que contribúen a fixalos muros e a mantelos en pé. Con todos estes traballos imos conseguindo que o Castro de Borneiro e, sobre todo, a parte da *croa*, vaia adquirindo un aspecto interesante aos seus, cada vez máis numerosos, visitantes (Fig. 2).

Coma xa anotaba máis enriba, os plans previstos de traballo foron superados con creces e ás iniciais zonas de traballo tivemos que engadir outras novas. Foron, en total, case 250 m² e preto de 200 m³ de terras remexidas (Fig. 3 e 3-A).

Hai que engadir ao anterior, tódolos traballos de limpeza e que nesta campaña, realmente, foron moi intensos. Practicamente o chamado *barrio de extramuros* quedou limpo co que o seu aspecto cambiou sustancialmente ata o punto de case non coñecelo nós mesmos. Dende a *croa* era visible o regato que, circundando o castro, servelle de foxo natural. A muralla da *croa* e o espacio interior quedou tamén totalmente limpo de maleza. A gran parte do propio foxo ocurríoulle o mesmo. A desgracia é que estas limpezas non sexan duradeiras pois, se non se fai nada máis que corta-las malas herbas (toxos, silvas fieitas), nun prazo de 2 ou 3 anos está todo cuberto de novo. Por iso, un ano máis, no tempo apropiado e dúas veces ao ano, imos a Borneiro a botar productos herbicidas. Non son man de santo para soluciona-lo problema, pero fan moito ben, sobre todo nas zonas excavadas. Así imos conseguindo que na *croa*, onde se lle veñen botando dende fai tres anos, xa medra só herba que non perxudica nin chega a cubri-las construcións. Evidentemente, estes productos son botados con todo tipo de garantías e previsións; os veciños son avisados, a Alcaldía dá un bando e o crego comentao na igrexa. Nunca tivemos o máis mínimo problema.

Outro traballo ingrato, pero tan necesario coma os anteriores, é a retirada das terras e pedras remexidas na excavación. Son grandes moreas de mate-

rial que se vai amontoando ao longo dos traballos dunha campaña de excavación. E, realmente, unha tentación deixa-los materiais para un vindeiro ano, pero non pode ser así. Por iso, e empregando moito esforzo, tempo e cartos, retiramo-lo material de terras e pedras coa axuda de tractores e unha pequena pa mecánica. Deixar estes materiais sen retira-los pode, co tempo, e a medida que se apelmazan e consolidan, levar a erros interpretativos sobre a disposición dos elementos constructivos dun poboado ou, mesmo, tomar eses montóns de escombros coma cousas coas que nada teñen que ver.

Seguindo as directrices saídas da Sección de Prehistoria e Arqueoloxía do Instituto de Estudos Galegos «Padre Sarmiento» de Santiago, no sentido de que nas campañas de excavación deste ano se dera unha importancia especial ao estudo dos arredores do xacemento, para chegar a unha valoración global do espacio circundante, coma un medio que contribuíra a unha mellor explicación dos moitos *por qués* que prantexa un xacemento arqueolóxico, fixemos varios recorridos polos arredores, comprobamos mapas, planos, visitamos lugares arqueolóxicos próximos e fixemos algunha Cata de recoñecemento no espacio do Antecastro. Todos estes traballos téñense que ver completados por análises e outros estudios. As análises fundamentais son as de tipo polínico que, no caso de recollida de terras nas Catas do Antecastro, pódennos ilustrar sobre a finalidade e utilización destes recintos coma posibles espacios adicados á agricultura.

Nesta liña de traballo fixéronse dúas Catas na zona S-W (ver Fig. 2), por detrás do corte practicado na muralla noutra campaña. A primeira delas, a CATA-1, de 2 x 2 m., resultou, coma logo a segunda, totalmente estériles en canto aos achádegos. Presentaba unha profundidade de 55 cm. nos que se podían diferenciar tres niveis en función da textura e da coración das terras:

N-I: 15 cm. de manto vexetal.
N-II: 15 cm. de terra marrón escura, solta, con pouca pedra solta.
N-III: 25 cm. de terra amarelenta de textura arxilosa.
N-IV: rocha nai.

A CATA-2, de 1 x 1 m., e aberta a pouca distancia da anterior, máis preto da segunda muralla do Castro de Borneiro, rexìstrou unha sucesión de niveis semellante, só que o segundo e o terceiro nivel tiñan unha maior potencia (25 cm. e 35 cm. respectivamente). Das dúas Catas recollemos mostras de terras e, unha vez anotados todolos datos, foron reenchidas cos seus propios materiais e totalmente tapadas.

O Castro de Borneiro non é un xacemento aillado no seu entorno, senon todolo contrario; preto del atópanse vestixios arqueolóxicos da importancia do monumento megalítico de Dombate, varias mámoas e, entre os dun tipo semellante ao noso castro, o chamado «Castro de Borneiro» —pois para diferencialos, o que está a ser excavado é «A Cidá» ou «A Ciudá»— (2). Coma os propios paisanos e, por suposto, o folklore, relaciónaos, subimos alí e a Dombate un pouco en plan de visita turística-arqueolóxica) e tentar de facer unhas comprobacións nunha zona que ardera e na que víanse restos de murallas e de posibles construccións domésticas. Creíamos te-los suficientes permisos dos donos pero non resultou ser así porque o lugar que elexíramos para estudiar resultou ser de alguén que se presentou alí e botóunos fora. De tódolos xeitos, logo desta experiencia quedamos convencidos da importancia de explorar lugares próximos aos xacementos que se excaven coma posibles claves para clarexar moitas incógnitas, sobre todo cronolóxicas, e de continuidade do habitat.

Pasamos agora a expoñe-los resultados dos traballos feitos na *croa* de Borneiro e no *barrio de extramuros*.

En primeiro lugar, continuamo-los traballos na zona E., a continuación do feito no ano anterior, que xa entón quedou delimitado por cuadrículas pero que non foi rematado naquel momento. Así, fixemos as cuadrículas que levaban os números 30 e 31 e, unha vez rematadas, continuamos cara ó E. (Fig. 4). Foi cando nos levamos unha gratísima sorpresa: a muralla da *croa* tiña un magnífico lenzo de pedra na súa cara interior. O aspecto desta zona excavada, unha vez descuberta esta muralla, é moi interesante.

SECTOR-30

No Sector 30 remataba a CONSTRUCCIÓN N.º 11 e que agora preséntase xa coma de pranta rectangular e con esquinas redondeadas (Fig. 5). Os seus muros, nesta zona excavada agora, son tamén estreitos e de mala calidade, aínda que feitos coa mesma técnica de mampostería con abundante barro típica de Borneiro. Os estratos e as características xerais do seu interior son as mesmas xa descritas na Memoria da campaña anterior (3). Os carbóns e as cinzas son moi abundantes e, en varios puntos, aparecen mixturados con anaquiños de óso imposibles de identificar. A potencia do nivel fértil, o N-III, é maior na zona S., polo que a maioría dos materiais rexístranse alí. Os muros conservan unha altura de 1 m. por término medio.

Coma é normal, entre os materiais atopados non poden faltar os de tipo cerámico. Deles falaremos nun estudio global, pormenorizado e estadístico nesta mesma Memoria. Por iso, agora, só sinalar que neste conxunto cerámico da construcción n.º 11 atopamos 133 anacos cerámicos dos que 103 corresponden a fragmentos sen decoración e sen identificación cunha determiñada parte da vasixa coma

pode ser a boca ou o fondo. Os fondos son escasos, só 3 anacos (n.º 104-106); os bordes, coma sempre, son moito máis numerosos (n.º 107-120); 10 son os fragmentos decorados (n.º 121-130) e apareceron 3 discos perforados (n.º 131-133) (Fig. 6).

Algúns materiais metálicos resultaron interesantes; así, unha plaquiña rectangular, de bronce, de 5,3 x 1,8 cm. sen decoración e cáseque imposible de chegar a determiñar a finalidade ou a pertenencia a unha determiñada peza. Tamén é interesante un fragmento de agulla de bronce de 4,470 gramos de peso; é a parte central da agulla, pois non falta máis ca punta e o furado do ollo do que conserva o extremo da apertura. Non presenta decoración e o estado de conservación é bo. Foi atopada a 1 m. do muro E., a 0,70 cm. do muro S. e a 0,35 cm. de profundidade.

Esta construcción n.º 11 vai incluida na zona ocupada pola cuadrícula denominadaSECTOR 30, de 10 x 6 m. (Fig. 7). Para poder traballar con máis comodidade deixamos, entre éste e o Sector 31, un muro testigo de 1 m. de ancho e que agora, ao analizalos resultados, consideramolo incluido xa neste Sector 30. Este muro estaba no punto no que, na campaña anterior, fixemos unha ampliación de 0,50 m. en sentido N-S para protexe-la construcción n.º 10 (4).

A excavación deste Sector permitíunos comprobar un feito de carácter urbanístico novo en Borneiro e, penso que coa claridade que se presenta eiquí, tamén é algo novo no panorama xeral da organización do espacio urbanístico no mundo castrexo. Trátase da aparición dun novo muro que presenta só cara polo lado E., que corre paralelo á muralla da *croa* e que tén unha finalidade doble: muro de conteción de terras e muro que vai a delimitar claramente, e os achádegos van vir a confirmarlo, o espacio dedicado ás construccións, deixando, entre él e a muralla interior do poboado, a da *croa*, unha zona inhabitada que, polo menos nalgún punto, foi utilizado coma basura. Ademáis, tamén actuaría coma protección exterior ao deixar un espacio valeiro entre a liña defensiva e as construccións domésticas (Fig. 8).

A función deste muro coma elemento urbanístico, pechando no seu interior as construccións domésticas e actuando de elementos de contención das terras nunha zona onde o declive natural é moi forte, non ofrece ningunha dúbida. O seu trazado, polo menos nos sectores que se puideron excavar nesta campaña, preséntase lixeiramente curvado e mantense practicamente paralelo á muralla deixando entre ambos elementos uns 4,5 m.

Tanto se a finalidade fundamental deste muro era actuar de contención das terras facendo coma un socalco nos puntos de máxima inclinación da *croa*, coma se estaba destinado a delimitar un espacio urbanístico/constructivo para deixar unha zona valeira ao longo da muralla, é probable que este muro non se presente en toda a *croa*. No punto contrario á zona onde excavamos, na zona W., os desniveis son moito menos pronunciados, case nulos, nun espacio que supón practicamente a cuarta parte da *croa*, e os posibles ataques que viñeran do exterior poderían ser mellor repelidos, pois é unha zona que conta con máis elementos defensivos xa que distínguense ata tres liñas de murallas e foxos.

Loxicamente, estes espacios non habitados nin de circulación habitual son lugares que acaban por encherse de basura; verémolo máis adiante.

O segundo elemento interesante deste Sector 30 foi a localización de tres fogares exteriores, é dicir, sen estar dentro de ningunha construcción. Dous deles, o FOGAR-2 e o FOGAR-3, son simples masas de arxila endurecida e queimada polo lume, que non presentan ningún tipo de protección arredor e que, agora, unha vez excavados, dificilmente se conservarán. A potencia da capa de arxila é débil e vai colocada directamente sobre a rocha nai.

Pero o FOGAR-1 é moito máis completo presentando unhas características semellantes a outros fogares atopados no interior de construccións do propio Borneiro. Trátase dun fogar do tipo *caixa* no que unha grosa capa de arxila queda protexida por tres dos seus lados; un lado, o W., aproveita o muro por unhas pedras espetadas de canto no chan. O frente, o lado E., queda aberto (aínda que pola distribución xeral e tendo en conta as dificultades de excavación desta zona, pola pendiente e pola gran cantidade de pedras de derrumbe, non é improbable que este fogar estivera protexido e pechado con este tipo de pedras polos catro lados). As dimensións deste fogar son considerables, 1,50 x 1,50 m. aproximadamente.

Ademáis, presenta un dato interesante: no seu interior e preto do muro de contención de terras, aparece claramente visible, un furado protexido por pequenas pedras arredor. Esta estructura é a mesma que atopamos para os postes que, no interior das vivendas, sostiñan o armazón do tellado e tamén é a mesma que atopamos na campaña de 1.983 xunto a outro fogar exterior preto da construcción n.º 10. A novidade é atopa-lo furado dese poste metido dentro do propio fogar. A protección desas pedras arredor da súa base debería ser suficiente para que o poste que entre elas iba espetado no chan non se queimara; dél pendurarían vasixas sostidas por asas interiores ou con furados no borde da boca. Nos arredores deste fogares a terra cincenta e os carbóns son moi abundantes.

Este Sector 30 presenta, en canto aos niveis, a sucesión normal nestas zonas exteriores ou interconstruccións do Castro de Borneiro. A sucesión estratigráfica é moi sinxela:

N-I: manto vexetal, terra de cor pardo con pedras soltas; baixo o que é propiamente manto vexetal a terra varía un pouco a coración tornándose un pouco máis claro pero, no resto, non hai diferencia, por eso falamos só dun único nivel. Esta matización da coración é

máis nítida xunto ás construccións e vense a corresponder no interior delas co nivel de derrumbe (Nivel-II).

N-II: estrato fértil. Presenta apreciables variantes de potencia segundo punto considerado. Así, no ángulo N-E, que é onde a potencia dos niveis son máis fortes, chega a acada-los 40/45 cm.. A terra presenta unha coración moi escura con abundante cinza mixturada e tén, nalgún punto coma ese ángulo N-E., un aspecto de terra de descomposición orgánica. Isto vén corroborado pola presencia de moito fragmento de óso, pequenos pero abundantes coma en ningunha outra zona ata agora excavada. (Esta sospeita da organicidade destes restos virá confirmada ao descubri-lo cuncheiro).

Os materiais recollidos neste Sector 30 son especialmente abundantes, interesantes e novidosos. Por un lado están os materiais cerámicos, un total de 1.046 anacos distribuidos en cerámico non decorada (n.º 134-935), fondos (n.º 936-991), bordes (n.º 992-1122), cerámica decorada (n.º 1123-1173), asas (n.º 1174-1175), e discos perforados (n.º 1176-1179) (Fig. 9).

Son abundantes os restos metálicos que moitas veces polo estado de corrosión e oxidación non son identificables e que corresponden a pezas de ferro e de bronce. Abundan tamén as escorias destes dous materiais metálicos e os fragmentos de crisois.

Entre as pezas recoñecidas, máis ou menos conservadas e con diferente grado de conservación, destacaremos:

—*Unha agulla de bronce* perfectamente conservada dende a punta ao furado do ollo. Pesa 2,830 gramos, mide 10 cm. de largo e está ben conservada. O ollo é de forma alongada, tipo lenticular de 8 mm. de largo e 2,3 mm. de anchura máxima. Foi atopada a 80 cm. de profundidade, a 80 cm. do lado E. do límite da cuadrícula e a 170 cm. do lado N. da mesma (Fig. 10).

—*Fragmento de ferro* moi oxidado e deteriorado, de forma rectangular, interesante por conservar perfectamente claros e visibles, dous cravos de bronce que o atravesaban. O estado da peza non permite deducir nada máis que o dato da asociación destes dous materiais metálicos. Conserva, ademáis, restos minúsculos de madeira. Aparecéu a 120 cm. de profundidade, a 105 cm. do lado N. do límite da cuadrícula e a 90 cm. do lado E. (Fig. 11).

—*Fragmento de agulla de bronce*. Falta a cabeceira e a punta, aínda que conserva o arranque do furado do ollo. Este fragmento presenta, aproximadamente, a metade superior de sección cuadrangular e leva unha decoración de SSS ben feitas, xuntiñas unhas de outras, e a metade inferior de sección redondeada e lisa, sen decoración. O estado de conservación é bastante bó. Pesa 7,220 gramos e ten 12,8 cm. de largo. Atopouse no nivel fértil, a 85 cm. de profundidade, a 120 cm. de cara N. da cuadrícula e a 35 cm. do lado E. (Fig. 12).

—*Plaquiña de bronce* de forma rectangular, de 3,600 gramos de peso, 6,7 cm. de largo e 1,1 cm. de ancho. O estado de conservación é bo; está ben pulida e finamente traballada cunha decoración de franxas paralelas nas que alternan zonas lisas con outras decoradas cunhas finas e apretadas liñas verticais que presentan nos extremos a pegada dun punzón de cabeza redondeada. Polo aspecto xeral puidera corresponder a un adorno de tipo personal, tipo brazalete, pulseira ou diadema (Fig. 13).

—*Fragmentos en bronce* dun ¿adorno personal?, ¿gargantilla?, ¿brazalete?, ¿asa de caldeiro?. No momento de descubrilo estaba xa fragmentado polo peso dos materiais depositados enriba del, en tres anacos. Sen embargo, presentaba unha disposición circular de todos eles. Pesou, en conxunto, 4,50 gramos; miden, tamén en conxunto, uns 18 cm. e forman parte dun aro duns 10 cm. de diámetro. Un dos extremos preséntase aplastado, pero coma está roto non sabemos cómo continuaba nin a finalidade concreta. Os tres fragmentos forman parte dunha peza de sección rectangular coma un aramio retorcido que consigue dar o efecto dunha decoración de tipo soga. O estado de conservación é bo. Foi atopado a 95 cm. de profundidade, a 175 cm. do límite E. da cuadrícula e a 240 cm. do límite N. (Fig. 14).

—*Un magnífico exemplar de conteira*, en bronce, perfectamente conservado, (Fig. 15). Pesa 65,600 gramos, mide 6,5 cm. de alto. Foi atopada a 120 cm. de fondura, 95 cm. do límite N. da cuadrícula do Sector 30 e a 80 cm. do E.; está practicamente intacta. Conserva perfectamente visibles, na parte superior, 4 furados redondos de 35 mm. de diámetro nos que iría asegurada o resto da funda, posiblemente de coiro. A base presenta dous cilindros en sentido transversal ao resto da peza e un deles foi resposto, pois nótase claramente a diferencia co outro: é de menor tamaño, menos perfecto e cando foi colocado para sustituilo, romperon a simetría da peza. Así, o remate da base, semicircular, preséntase alterado polo remate que non é o orixinal. O cilindro orixinal mide 32 cm. de largo e 8 mm. de diámetro.

E unha espléndida peza, tanto pola excepción que supón o atopar en Borneiro unha peza tan completa e enteira, coma polo bo estado de conservación que presenta. Os paralelos destas conteiras son múltiples. En Galicia temos paralelos (5) e tamén na Meseta (6), aínda que unhas e outras pezas son moito máis pequenas que esta de Borneiro, e ás que poderíamos relacionar mellor coa peza que deseguida imos comentar. A cronoloxía para estas pezas, na Meseta, sitúase entre s. IV e o III a. J.

—*Unha segunda conteira* apareceu tamén neste Sector-30, e non moi lonxe da anterior (Fig. 16). Nesta ocasión a peza non está completa, fáltalle a base cos cilindros e o corpo superior está partido en dous fragmentos. Pero a peza é facilmente identificable. O estado de conservación do bronce é bo.

Os fragmentos conservados pesan 18,400 gramos. Mide 37 cm. na parte superior e conserva 34 mm. de altura. A peza, oca, presenta, na parte superior, catro furados de 3 mm. de diámetro colocados dous en cada cara e uns frente aos outros. A parte conservada chega ata a base onde abren os entrantes semicirculares nos que irían os remates cilíndricos que non se conservan. (Na campaña anterior de 1.983 atopamos un remate cilíndrico de conteira solto). Na parte superior leva, arredor da boca, unha lixeira acanaladura que ten finalidade decorativa. O estado de conservación é bo e polo seu menor tamaño seméllase máis que a anterior ás pezas coas que a comparábamos (nota 5 e 6).

—*Fragmento dun arco de fíbula de bronce.* Non se conserva máis que a parte do arco, polo que sería demasiado aventurado querer identificarla cun determiñado tipo de fíbula. Pesa 2,900 gramos.

—*Fragmentos de fíbula, tamén de bronce.* Corresponden ao arco e aos remates que, aínda que están moi deteriorados, e transformados pola oxidación xeral da peza, permiten supoñer que se trata dunha fíbula das do tipo *torrecilla* (ou de *pé acodado levantado* que poden vencellarse ao tipo xenérico das de *Golfo de León*). Os fragmentos conservados son tres: o arco e o remate partido en dúas pezas. Polos planos de corte e rotura da peza podémola reconstruir, aínda que non sexa posible coñecer ben o debuxo da *torrecilla.* Pesan en total 4,380 gramos. O arco é de sección redondeada e de forma semicircular; conserva o arranque da agulla e só é posible chegar a identificarse un resalte central dorsal, xa que o deterioro polo óxido non permite saber máis. Mide aproximadamente 16 mm. de diámetro e ten 18 mm. de altura (Fig. 17).

Por último, entre os achádegos deste interesante Sector 30, unha *doa de collar de pasta vítrea.* Xa son moitas as destes tipos atopadas no Castro de Borneiro. Esa estaba a 70 cm. de profundidade, no nivel fértil, a 90 cm. do límite E. da cuadrícula e a 180 cm. do límite N.. É de pasta azul con decoración en branco. Presenta un furado central e está un pouco rota non borde (Fig. 18) (7).

SECTOR-31

A continuación do anterior Sector 30, cara ó S., abrimo-lo SECTOR-31. Mide 7 m. de largo (N-S) e 6 m. de ancho (E-W). (Pola ampliación de 0,50 cm. que o ano anterior tivemos que facer para protexe-la construcción n.º 10, en realidade este Sector ten 7 x 5,50 m.) (Fig. 19).

Xunto cos achádegos, interesantes, siñala-la continuación do muro de contención de terras que presenta as mesmas características que no Sector 30.

A sucesión de niveis é tamén semellante, cun primer nivel de manto vexetal, pedra solta, estéril; un segundo nivel xa fértil e a rocha nai. A profundidade media neste Sector é de 1 / 1,20 m.

Os materiais cerámicos son moito menos abundantes que no Sector anterior. Son un total de 496 anacos distribuidos entre fragmentos de cerámica sen decoración correspondentes a galbos ou partes de vasixa non identificables (n.º 1195-1562), fondos (n.º 1563-1587), bordes (n.º 1588-1649), cerámica decorada (n.º 1650-1682), discos perforados (n.º 1683-1688) e asas (n.º 1689-1690) (Fig. 20).

Hai presencia, no nivel fértil, de escorias de bronce e de ferro, fragmentos destes metais non identificables pola corrosión e o óxido, fragmentos de pisóns de muiños planos, e todo mixturado cunha terra que, nalgúns puntos, presenta abundancia de cinzas.

Sen lugar a dúbidas, neste Sector atopouse a peza máis interesante de toda esta campaña. Trátase dunha fíbula das do tipo denominado por Fortes «*de longo travessao sen espira*» (8). O estado de conservación é aceptable presentando, mesmo, o pao de madeira interior do travesaño. O deterioro maior presentao nos extremos do travesaño que quedaron separados del pero que se conservan ben, así coma os cravos con que estes extremos ian unidos ao travesaño (Fig. 21).

A peza que nos ocupa debe pertencer ao subgrupo A que sinala Fariña (9): «*arco cáseque semicircular unido na cabeza dun anel que entra nun rasgo do travesaño e que atravesado polo eixo prendendo en charneira*». Atendendo ás partes ideais dunha fíbula deste tipo, só lle faltaría o apéndice caudal.

O material é bronce; nalgúns puntos presenta graves deterioros, pero noutros deixa ver unha decoración de finas liñas paralelas; así sucede en parte do travesaño que recobre a madeira conservada e no exterior do arco. Este arco está formado por duas pezas das que a central entra en cuña no corpo do arco; nela céntrase esa decoración de incisións paralelas lonxitudinais que se convirten en transversais ao chegaren ao punto onde pousa a punta da agulla.

Esta fíbula pesa 17,830 gramos; o travesaño mide 6 cm. de largo e 0,7 cm. de diámetro; o arco ten unha altura de 2,20 cm.; o diámetro interior do arco é de 1,8 cm.; o grosor do arco é de 0,8 cm.; de agulla mide 1.90 cm. de largo. Foi atopada na zona S-E do Sector 31, a 2 m. de límite E. da cuadrícula, a 1,10 m. do límite S. e a 70 cm. de profundidade.

Atopamos tamén, neste mesmo Sector 31, outro arco de fíbula dun tipo semellante aos atopados no Sector 30; é un arco semicircular de 23 mm. de diámetro interior, 22 mm. de altura e 5,120 gramos de peso. Conserva a agulla, aínda que agora está separada do arco (Fig. 22). Está bastante deteriorada polo óxido que fixo que no arco apareceran unhas deformacións que cáseque non deixan ver a decoración que sería de finísimos trazos paralelos. O arco é de sección lenticular pero aplanado no interior. Debe pertencer a un tipo próximo ás denominadas *Golfo de León, Sabroso* ou modelos semellantes, po-

lo tipo de arco. Ao non conservar o remate do pé dificúltanos a inclusión en firme a un determiñado grupo.

Entre os variados fragmentos de ferros que pola oxidación e pola propia fragmentación non é posible identificar, destaca unha placa que presenta dous grosos cravos que a atravesan. Non é identificable a peza á que pertenceu e, é probable, que se trate dun simple remache.

FRENTE 30-31

Unha vez rematada a excavación destes Sectores 30 e 31, abrimos un FRENTE 30-31 cara á muralla da *croa*. A nosa gran sorpresa foi cando, ao chegar a esta muralla descubrimos que non era un simple conglomerado de pedras e terra senon que tiña, polo menos na parte interior, esta que mira ao poboado, un espléndido aparello de mampostería que a configuraba. Agora quédanos por comprobar se a outra cara, a exterior, tamén é igual. Foi realmente unha agradable sorpresa porque este dato non era visible en ningún punto de muralla. Presenta esta muralla un aparello de mampostería moi semellante ao das construccións domésticas de Borneiro, pode que, en xeral, o tamaño das pedras sexa un pouco máis grande, pero o aspecto non varía.

Conserva unha altura media de 1,50 m. Esta altura debía ser moito máis considerable e así se xustificaría a presencia dunha rampa de aceso; é estreita (35/40 cm.) e ten 2 m. de largo. Está situada case frente ao Fogar n.º 1 do sector 30 (ver Fig. 8). Os derrumbes desta muralla quedan patentes na presencia de numerosísimas pedras e barro que atopamos sobre o nivel fértil. Aínda con reservas, porque estaba mal conservada, penso que se pode falar dun furado na base da muralla que serviría coma canal de desagüe, necesario nunha zona na que, pola forte pendiente, acumularíase a auga con suma facilidade.

A cimentación desta muralla, polo menos na zona na que fixemos a exploración, ao S. da rampa ao longo dun metro, é mínima coincidindo tamén nesto co sistema constructivo da arquitectura doméstica.

A estratificación deste Frente 30-31 continúa coma sempre con manto vexetal, derrumbes, nivel fértil e rocha.

A cerámica foi abundante: 480 fragmentos. Cerámica non decorada (n.º 1691-2061), fondos (n.º 2062-2078), bordes (n.º 2079-2140), cerámica decorada (n.º 2141-2166), fusaiola (n.º 2167) e asas (n.º 2168-2170) (Fig. 23).

Os materiais metálicos son variados:

—*Anel de bronce*, en espiral, liso, que conservaba catro voltas pero que cando o sacamos da terra, rompeusenos un pouco. Os fragmentos pesan 2,150 gramos; ten un diámetro de 2 cm.; a tira que constitue é de 2 mm. de ancho, plana polo interior e redondeada polo exterior. Aparte da fragmentación, está ben conservado (Fig. 24).

—*Unha doa de bronce*, aplastada, circular de 1,610 gramos de peso, 1 cm. de diámetro, 4 mm. de grosor e cun furado central de 3 mm.

—*Unha bola de bronce*, de tipo esférico aplastada nos extremos do furado central. Probablemente sexa unha doa de collar; é igual que outras atopadas no Castro de Borneiro en anteriores campañas. Pesa 15,950 gramos; ten un diámetro de 180 mm. e o furado central é de 6 mm. Non presenta decoración, é lisa e está ben conservada (Fig. 25).

—*Fragmentos dunha estreita tira de bronce* que presenta unha decoración central de pequenas semiesferas. A febleza do material fixo que só con tocala se partira en varios anacos. E unha tira plana que presenta unha superposición cun remache tamén de bronce. Miden 7 mm. de ancho, e o conxunto dos fragmentos pesan 1,650 gramos. Pode tratarse dun adorno, pero non é seguro (Fig. 26).

—*Unha pequena tira plana*, rectangular, de bronce, de 8 mm. de ancho e 28 mm. de largo. Está doblada e nótase un plano de rotura. Leva unha decoración de duas alineacións lonxitudinais de finas incisións paralelas e oblicuas que recordan un pouco os espigados.

—*Arco de fíbula en bronce*. Ten gran semellanza con anteriores arcos de fíbulas atopadas nesta campaña e que xa foron descritos. E un arco de 3 gramos de peso, 1,3 cm. de diámetro interior, 1,4 cm. de altura, sección de tipo lenticular e bastante ben conservado. Conserva parte onde iría a agulla. Sobre ela presenta unha sinxela decoración de catro incisións hourizontais que non parece que rodeen todo o arco senon que só están na parte frontal. A zona superior do arco, polo exterior, presenta tamén unha incisión lonxitudinal que está interrumpida por un pequeno furado de 1,5 mm. de diámetro situado próximo ao enganche coa agulla (Fig. 27).

As escorias son abundantes e tamén foron atopados fragmentos de metal, de bronce, formando coma pequenos amasixos para ser fundidos.

Tamén foi atopada unha doa de collar de pasta vítrea pero diferentes das atopadas ata agora. E de pasta de cor ámbar e de sección tronco-cónica. Ten cáseque 1 cm. de altura e 1,5 cm. de diámetro. O furado central que a atravesa é de 3 mm. (Fig. 28).

No ángulo N-E deste Frente, xa case no límite da cuadrícula, apareceu unha considerable masa de restos de cunchas misturadas con fragmentos de ósos. O conxunto pertence a un dos denominados *cuncheiros* e está a ser estudado polo profesor X. M. Vázquez Varela. A primeira vista son identificables restos de cunchas de berberecho, ostra, lon-

gueirón, vieira (Fig. 29). O conxunto, localizado no nivel fértil, estaba tamén misturado con fragmentos cerámicos, carbóns e cinzas que daban unha tonalidade moi escura á terra na que se atoparon. A aparición deste auténtico *basureiro* explica esa mesma negrura e organicidade que atopabamos xa no Sector 30 e que estaba anunciando a presencia deste conxunto.

Excavada xa toda a zona prevista nesta área da *croa*, procedemos a cuadricular unha zona na parte oposta da mesma *croa:* a zona W.. Abrimos novas cuadrículas a continuación de zonas excavadas facía tempo e que denominamos SECTOR-32 e SECTOR-33. A apertura destas novas áreas de traballo pretendía, por un lado ir ampliando a zona excavada e, por outro, tentar de chegar á muralla no extremo contrario ao que acababamos de chegar no lado E.; pero este último no puido levarse a cabo. Na próxima campaña continuarase o traballo xustamente nesta zona para comprobar se existe unha estructura semellante nesta parte alta á descuberta na zona máis baixa da *croa*.

SECTOR-32

O SECTOR-32 foi trazado cara o W. da construcción n.º 2; é unha cuadrícula de 7 x 5 m. (Fig. 30). Ao remate da excavación quedou completamente exenta a construcción n.º 2, apareceu un novo muro curvo no N. e saliu a construcción n.º 14. O conxunto do Sector presenta desniveis da rocha nai que aflora, nalgún punto, rapidamente. Os niveis son os tres niveis xa coñecidos pero a potencia dos mesmos varía bastante dun punto a outro en función desas irregularidades.

Os materiais son exclusivamente cerámicos e non son moi abundantes; son 147 fragmentos distribuidos entre cerámica non decorada (n.º 2171-2268), fondos (n.º 2269-2276), bordes (n.º 2277-2306), cerámica con decoración (n.º 2307-2313), discos perforados (n.º 2314-2315) e asas (n.º 2316-2317) (Fig. 31).

CONSTRUCCIÓN N.º 14

O máis interesante deste Sector foi a nova CONSTRUCCIÓN, a N.º 14. Trátase dunha construcción, na parte descuberta polo de agora, rectangular ou alongada; o que se conserva ten uns 2 m. por término medio de ancho e 3 m. de largo. Os muros presentan parametros de mampostería irregular típica de Borneiro con pedras miudas misturadas con abundante barro. A anchura media é de 45 cm. e a altura máxima conservada é de 1 m. aproximadamente.

A irregularidade da rocha base xa exposta foi aproveitada para suplir, nalgún punto do trazado, o muro da construcción; o nivel de derrumbe tiña tal cantidade de pedras, e as fiadas conservadas eran tan poucas, que o muro da zona N. era practicamente inexistente, aínda que o trazado curvo é o representado nas figuras adxuntas.

Do ángulo N-E. arranca un muro moi problemático e tamén moi mal conservado que queda interrumpido aos tres m. e do que non aventuramos a súa finalidade.

No interior desta Construcción n.º 14 aparecen varios niveis:

Nivel I: manto vexetal; 25 cm.

Nivel II: nivel de derrumbe con moita pedra solta, barro e terra; 40 cm.

Nivel III: nivel fértil; 25/30 cm.

Nivel IV: pavimento de barro pisado de 3/3,5 cm. de grosor.

Nivel V: rocha nai. Dadas as irregularidades que ésta presenta, para achanzar a zona na que xa se puidera bota-lo pavimento, hai puntos nos que as fonduras da rocha van rehenchidas con terra e pequenas pedras.

Os materiais do interior desta construcción son todos eles cerámicos: cerámica non decorada (n.º 2434-2490), fondos (n.º 2491-2494), bordes (n.º 2495-2500), cerámica decorada (n.º 2501-2508) e un asa (n.º 2509) (Fig. 32).

SECTOR-33

Coa excavación do SECTOR-33 quedou despexada unha ampla zona desta parte da *croa* porque ven a ampliar e completa-la cuadrícula n.º 12 que xa estaba excavada dende facía anos (Fig. 33). A excavación deste Sector deparóunos unha doble sorpresa: a descuberta dunha nova construcción, a CONSTRUCCIÓN N.º 13, e a inimaxinable constatación de que xa fora excavada e logo entullada (Fig. 34).

Este dato fai que desta construcción (parece que xa nomeada con mal número dende o principio) non teñamos máis datos que os que ofrecen os seus muros. Ten pranta circular de 5,20 m. de diámetro. Está toda pechada, sen entrada na parte conservada. O interior non dou ningunha estratificación, pois todo era material remexido e tampouco ningún achádego. Tan só, na zona central e por riba da rocha natural, conservaba vestixios de arxila endurecida que, probablemente, formaba parte dun fogar central. Os muros, de mampostería, coma todolos descubertos ata agora en Borneiro, teñen unha anchura de 55/60 cm.. Na zona N. presenta un zócalo saínte de pedras que tamén aproveita a rocha e que serve de base e protección ao muro da construcción.

Non sabemos cando foi excavada esta construcción e, dende logo, non había maneira, polo aspecto do terreo, de chegar a saber nin de tal construcción (pois, ao contrario do que sucede outras veces, nas que o chan permite, pola elevación, sospeitar muros, aquí estaba todo completamente alisado e regular), e, moito menos, do feito da excavación e do posterior entullado (Fig. 35).

Desta construcción saen muros que parten do lado E. e do W.. Presentan os dous unha lixeira curvatura, e ambos están en moi mal estado de conservación.

O muro que vai polo W. presenta só unha cara e ten aspecto de tratarse dun pequeno muro de contención. O da zona E. está mellor delimitado pero non se conservan del máis que unhas poucas fiadas. Nun primeiro momento pensamos que podería tratarse dunha vella construcción arrasada e sobre a que se levantarían outras, entre elas, a n.º 13. Pode que así fose e sería un novo dato para Borneiro, pero teremos que esperar, para confirmarlo, a excavar unhas zonas próximas. Tamén, cara o N., na que tamén xa fora excavada Cuadrícula n.º 12, aparecen uns muretes que poda que actuasen de muros para contención das terras que forman unha pequena meseta e sobre a que se levanta a construcción n.º 13. Este pequeno traballo de acondicionamento do terreo nivelando unha zona de irregularidade naturais é interesante destacalo porque é o máis habitual en Borneiro (Fig. 36).

Os materiais do Sector-33 son tamén todos eles cerámicos: cerámica non decorada (n.º 2318-2391), fondos (n.º 2392-2401), bordes (n.º 2402-2417), cerámica decorada (n.º 2418-2430), discos perforados (n.º 2431-2432) e un asa (n.º 2433) (Fig. 37).

Os traballos da *croa* quedaron completados coa excavación dos *muros testigos* numerados coma 17-A, 17-B, 18-A, 18-B, 21-A, 21-B e 21-C (Fig. 38).

As características de todos eles son moi semellantes. Presentan un Nivel Fértil (N-III) a uns 35/40 cm. de profundidade baixo un nivel de terra e pedras soltas e un manto vexetal. Os materiais máis abundantes son os do tipo cerámico que podemos agrupar según os tipos xa coñecidos para outras zonas (Fig. 39). Entre os restos metálicos non apareceu ningunha peza completa; hai fragmentos de ferro e de bronce non identificables e abundantes escorias. Apareceron tamén moas de muiño, todas elas planas, e pisóns.

CONSTRUCCIÓN N.º 15

Queremos siñalar que ao retira-los muros testigos 18-A e 18-B apareceron os muros dunha nova CONSTRUCCIÓN, a N.º 15, por eso os materiais recollidos neles son tan escasos (9 fragmentos cerámicos no 18-A e ningunho no 18-B). Esta nova construcción é circular, pequena, duns 4 m. de diámetro interior; muros de mampostería de 55/60 cm. de ancho. E realmente unha pena que todo o interior viñera a coincidir na cuadrícula n.º 18, xa excavada na segunda época de traballos de Borneiro. Con esto, os materiais atopados perden moito sentido por non se poder referir ao seu punto de referencia concreto coma é o interior dunha construcción, probablemente unha vivenda.

Coa retirada destes muros testigos que contribúen, por unha banda, a ir facendo de Borneiro un poboado máis comprensible, sobre todo aos visitantes *profanos* eliminando o aspecto de taboleiro de xadrez que tiña con tantas pequenas cuadrículas entre muros testigos, e por outra, impiden que desde eles eses mesmos visitantes salten enriba dos muros das construccións e paseen por eles, rematamos por esta campaña de 1.984, os traballos na zona da *croa* (Fig. 40).

Pasamos entón a traballar no chamado *BARRIO DE EXTRAMUROS*. É unha zona excavada xa, en gran parte, nos anos 1.930. Sitúase na zona E. do Castro, na zona de baixada ao Río dos Muiños e onde estaba o acceso principal do poboado. Vai protexido pola muralla da *croa* e a segunda muralla que bordea o Castro que, xustamente para dar cabida á serie de construccións que forman o *barrio*, altera o seu trazado concéntrico e paralelo coa primeira muralla presentando un claro e amplo ensanchamento.

O conxunto do barrio aparece no traballo de S. González García Paz (10) e está formado por unha gran construcción ovalada, un forno que vai unido a unha pequena construcción rectangular cun fogar adosado a un dos seus muros, duas escaleiras entre as construccións anteriores para salva-lo desnivel e duas fontes. Todo o conxunto, hoxe moi arruinado polo abandono, queda pechado pola segunda muralla e ben protexido por un muro que vai perpendicular dende a *croa* e que deixa un espacio alongado entre el e o conxunto das construccións sinaladas. A presencia do forno, das fontes, do conxunto en xeral, fixo incluir a García Bellido no seu traballo sobre as cámaras funerarias da cultura castrexa este de Borneiro (11). Ainda sen datos absolutamente convincentes para non compartir o seu punto de vista, creemos que o conxunto do barrio de extramuros do Castro de Borneiro ten unha finalidade industrial en relación coa fundición e o traballo do metal. Temos que aportar moitos máis datos, pero as abundatísimas escorias de fundición metálica, os fragmentos de bronce, os crisois, etc. así o parecen indicar.

Precisamente para clarexar o máis posible estes datos, pasamos a traballar nesta zona. O primeiro que tivemos que facer foi unha ingrata laboura de limpeza da moitísima e espesísima vexetación que a cobría. Para podela eliminar non houbo máis remedio que prenderlle lume ás enormes piras que se ian xuntando. Logo de ter os correspondentes permisos queimámolo todo, cousa que representou para nós un novo risco.

Unha vez visible a zona, procedemos a unha limpeza máis cuidadosa das zonas xa excavadas e abrimos duas Catas (Fig. 41).

A primeira delas, a CATA-I, de 2 m. x 2 m., fixémola a uns 20 m. ao S. da construcción rectangular do fogar. Resultou totalmente estéril e rexistrou, ata a rocha natural, unha profundidade de 125 cm. Os niveis veñen marcados pola diferente coración das terras:

Nivel I: manto vexetal: 15 cm.

Nivel II: terra parda escura solta con pedras miudas: 55 cm.

Nivel III: terra máis clara, amarelenta, mixturada con capas discontinuas de terra cincenta de espesor próximo aos 5 cm.: 50/55 cm.

Nivel IV: rocha.

A CATA-2, tamén de 2 x 2 m., resultóu interesantísima pero moi complexa. Foi aberta no extremo E. do barrio, á altura onde remata o murallón de peche do conxunto arquitectónico. A complexidade e a dificultade de excavación impediron deixala rematada. A espera de poder confirmar estes datos, ofrecémolos coma provisionais e apreciánse os seguintes estratos e características:

Nivel I: manto vexetal: 15 cm.

Nivel II: material de derrumbe procedente do muro que aparece no lado S. da Cata. 35/40 cm.. As pedras son moi grandes e o barro é abundante. Este muro parece que sigue paralelo ao que pecha o conxunto constructivo polo seu lado S. Está ben construido por un aparello de mampostería regular ben conservada.

Nivel III: barro marelo mixturado con pedra miúda que ten apariencia de grava. Cinzas. E un vivel fértil no que se atoparon moitos fragmentos de bronce en forma de pequenas laminiñas, tiras, plaquiñas, todo elo de reducidas dimensións pero abundantes. Tamén apareceron fragmentos cerámicos que puideron perteñecer a crisoles, bolas e anacos informes de bronce, escorias de ferro, carbóns, e pedras que mostraban, polo aspecto e coración, estar en contacto co lume e con metais en fundición. Cara ó S., pegado ao muro, a potencia desta grava é maior e vai disminuíndo ao se alonxar cara o N.

Nivel IV: unha capa semellante á area de río, negruzca e mixturada con cinzas e pequenos carbóns. Tamén saíron algunhos fragmentos cerámicos.

Nivel V: aparecen, polo menos claramente na zona W. da Cata, unhas pedras planas que puideran formar parte dun enlousado.

Nivel VI: terra escura que parece actuar de base do posible enlousado.

Nivel VII: rocha natural.

Aínda, insistimos, á espera de comprobar mellor estes datos, da a impresión de que entre o muro S. da Cata e o que pecha o conxunto constructivo do forno, vai unha especie de rúa de acceso entre a entrada principal do Castro, situada un pouco máis abaixo, cara ó río, e a muralla da *croa.* Este acceso parece que foi tamén utilizado para botar productos sobrantes das fundicións levadas a cabo no forno e que se foron acumulando dunha maneira lóxica contra o muro S.. A presencia dos derrumbes do muro con tanta pedra e a dificultade de extrae-la grava, fixeron que os traballos se prolongaran máis do previsto e por iso non remataron o satisfactoriamente que nos desexaramos (Fig. 42). A próxima campaña deberá continualos.

Os materiais cerámicos desta zona, 47 fragmentos, aparte duns anacos que poden corresponder a crisois, non presentan apreciables diferencias co resto das da *croa.*

Coma nas anteriores Memorias de excavación de Borneiro, e, tendo en conta que sempre o material cerámico é o máis abundante dos achádegos, imos comenta-las características principais.

Trátase de materiais extraordinariamente fragmentados. E moi raro o caso no que se superen os 8/10 cm². Loxicamente, con fragmentos tan pequenos é case imposible chegar a reconstruir ningunha peza. Nen sequera cando se trata de fondos ou bordes é fácil saber nin o diámetro. Seguimos, pois, sen coñecer formas de vasixas. O conxunto cerámico de Borneiro preséntase cunha gran uniformidade de pastas, facturas, cores, cocción, etc. Polo de agora non hai diferencias apreciables entre os materiais desta campaña e os recollidos anteriormente. As posibles diferencias de cantidades ou porcentaxes poden ser debidas a simples feitos casuais, pois a mesma fragmentación permite que se siglen coma pezas diferentes as que, en realidade, son unha mesma cousa.

A maioría das pezas non presentan decoración e pertencen a zonas dificilmente identificables; outras formaron parte do borde, fondos ou asas. Tamén forma parte deste conxunto cerámico os discos perforados —fusaiolas— e, para esta campaña, estes serían as porcentaxes:

Cerámica non decorada	2.198	Fragmentos	75,76%
Fondos	130	»	4,48%
Bordes	366	»	12,61%
Cerámica decorada	172	»	5,92%
Fusaiolas / discos perforados	21	»	1,33%
Asas	14	»	0,48%

A proporción é moi semellante á das campañas anteriores; o grupo de cerámicas non decoradas supoñen as 3/4 partes do total, seguen os bordes, a cerámica con decoración e os fondos. As asas son sempre escasas e non se atoparon outros sistemas de suspensión ou de asir (perforacións no borde, asas interiores).

A distribución destes datos globais con respecto ás zonas excavadas, non presenta grandes diferencias: aparece unha maior concentración destes materiais cara á muralla da *croa*, na zona E., cousa lóxica polos datos que analizamos xa e pola propia configuración do terreo en forte pendiente. No caso dos muros testigos a proporción está directamente relacionada co volume de terras excavadas. A distribución é a seguinte:

	Cerámica non decorada	Fondos	Bordes	Cerámica decorada	Asas	Fusaiolas	TOTAL
Const. 11	103	3	14	10		3	133
Sector-30	809	56	135	54	2	5	1.601
Sector-31	368	25	62	33	2	6	496
Frente 30/31	371	17	62	26	3	1	480
Sector 32	98	8	30	7	2	2	147
Sector 33	74	10	16	13	1	2	116
Const. 14	57	4	6	8	1		76
Testigo 17-A	53		7	2			62
Testigo 17-B	14		1	2			17
Testigo 18-A	5		3		1		9
Testigo 21-A	28		4	2			34
Testigo 21-B	68	1	5	6	1	2	83
Testigo 21-C	107	6	20	7			140
Cata Extram.	43		1	2	1		47

As tonalidades destas cerámicas son as roxizas, pardas e negruzcas presentando, moitas delas, pegadas de ter estado preto do lume. Esta pegada do lume pódese presentar tanto no interior coma no exterior da peza.

As pastas son groseiras con moito degrasante coma areas, as veces de gran tamaño, seixos, micas. O tipo de cocción non é totalmente uniforme, pois mentras que uns anacos desfanse nada máis tocalos, outros mostran unha calidade aceptable. As superficies non sempre están ben alisadas. Moitas están feitas a man e outras a roda, pero non sempre é fácil deferenci-las mostras. Os grosores das pezas non presentan grandes diferencias entre si, e os valores medios están entre 3 e 6 mm.; algunhas pezas, poucas, rebasanos puidendo chegar aos 15 mm. ou tan só 2,5 mm., pero son auténticas excepcións.

Analizando cun pouco de detalle os diferentes grupos de cerámicas, temos que:

1. Os bordes, dos que tan só podemos tirar algunha conclusión sobre os diferentes tipos de labios e os diámetros das bocas, presentan un gran conxunto formado polos labios de tipo plano ou oblicuo; o resto repártense entre os de tipo apuntado convexo, redondeado convexo e circulares:

Planos	32,7%
Oblicuos	31,4%
Apuntado convexo	17%
Redondeado convexo	15,3%
Circulares	3,3%

Os diámetros das bocas oscilan entre os 14 e os 36 cm. pero a gran maioría corresponden a valores entre os 28 e os 32 cm.. Pero foron poucas as pezas que permiten saber con exactitude o valor destas bocas porque non teñen, os fragmentos atopados, unha curvatura e tamaño suficiente para coñecelo.

2. Os bordes son practicamente todos planos e só apareceron 4 fragmentos de fondos do tipo concavo redondeado ou pé alto. Os diámetros puideron ser medidos en moi poucos casos e os valores oscilan entre os 14 e os 22 cm.

3. Os fragmentos decorados presentan variación de técnicas e de motivo pero ningunha cousa nova con respecto á campañas anteriores. As porcentaxes manteñen a mesma proporción que na campaña anterior (*Memoria do ano 1.983*):

Impresa	Estampilla	6,5%
	Ungulada	4,1%
	Total	**10,6%**
Incisa	Bruñida	1,1%
	Con inst. punzante	3,5%
	Grabada	4,1%
	Acanalada	4,7%
	Cepillada	2,3%
	Total	**15,7**
Excisa		1,7%
Total		**1,7%**

Con decoracións Plásticas	Cordóns:	Triangulares	4,1%
		Semicirculares	35,3%
		Semicirculares con ungulacións	8,3%
		Semicirculares decor. instrumento	9,5%
	Pezóns		7,1%
	"Puntas de diamante"		6,5%
Total			**70,8%**

Algúns fragmentos poden presentar máis dun elemento decorativo sendo, por exemplo, bastante frecuente a asociación entre cordóns e pezóns. Os cordóns preséntanse moitas veces formando franxas horizontais e tamén en paralelo varios deles; poden aparecer alternados con outros motivos e mesmo formar debuxos curvos. Hainos de diferentes grosores (entre os 3 e os 7 mm.). Poden levar decoración feita cun instrumento punzante formando debuxos xeométricos e ungulacións máis ou menos regulares.

Os fragmentos con decoración excisa seguen sendo escasos pero interesantes; en todolos casos é unha decoración de triángulos con raiado interior (Fig. 43). As temáticas das técnicas estampilladas representan, sobre todo, espigados con variantes nas simetrías. As ungulacións presentanse en formas variadas, ben alineadas ou formando composicións en asociación con outros motivos e técnicas.

As asas son cilíndricas no 71,4% dos casos en planas no 28,6%. En ambolos dous casos a unión á vasixa é moi simple, por aplique. As cilíndricas presentan uns diámetros medios arredor dos 2 cm. e, as veces, teñen lixeiramente aplanada a cara interior (Fig. 44).

As pezas de barro redondeadas e cun furado central chamadas *fusaiolas* presentan, un ano máis, unha extraordinaria similitude: os diámetros entre 3 e 5,5 cm. pero con gran predominio dos valores dos 3,5/4,5 cm.; grosores entre 3,5 e 9,0 mm. cunha gran maioría de 5 mm. Unha soa destas pezas non presenta o furado central ¿estaba rematada? ¿ficha de xogo? (Fig. 45).

Ao remate da exposición do que constituíu os aspectos fundamentais da campaña de excavación do Castro de Borneiro 1.984, só unhas consideracións xerais do que ven a supoñer de adianto e aporte de novos elementos. O avance da excavación da *croa* queda ben claro tanto nos planos coma nas fotografías; o próximo ano esperamos ter xa unha franxa excavada de case 20 mm. de ancho ao longo de todolo eixe E-W da *croa*.

A retirada dos muros testigos permite unha amplísima visibilidade das zonas excavadas. As pequenas reconstruccións, a aparición da muralla da *croa* con aparello de pedra, o descobrimento de tres novas construccións e o remate da n.º 11, a interesante presencia, para o sistema urbanístico, do muro de contención de terras nos Sectores 30 e 31, a aparición de materiais metálicos tan interesantes e novidosos coma son as fíbulas (sobre todo a de «*longo travessao sem espira*»), as conteiras, o cuncheiro, os esperados resultados das análises para os que recollemos mostras, etc., etc., xustifican plenamente todo o invertido en Borneiro e anímanos a continuar unha tarefa cansa pero agradable.

Ferrol, marzo, 1.984

ANA ROMERO MASIÁ
Directora das Excavacións

BIBLIOGRAFÍA

(1) O Castro de Borneiro está situado nas coordenadas 43° 11' 40" de Lat. N. e 5° 15' 47" Lonx. W. no axuntamento de Cabana (A Coruña). Traballos sobre él:
GONZÁLEZ GARCÍA PAZ, S., *Noticia sobre las exploraciones arqueológicas en los castros de Borneiro y Baroña.* Boletín da Universidade de Santiago, 1.933, p. 323-351.
EIROA, J. J., "Notas sobre el castro de Borneiro" Caesaraugusta, 1968, p. 159-170.
EIROA, J. J., *Un corte estratigráfico en el castro de Borneiro,* XI C.N.A., 1.969, p. 335-338.
EIROA, J. J., *Excavaciones arqueológicas en el castro de Borneiro,* N.A.H., 15, 1.971, p. 139-143.
EIROA, J. J., *Una fecha radiocarbónica para el N-W peninsular.* Estudios, II, Zaragoza, 1.973, p. 48.
ROMERO MASIA, A., *Avance de la Memoria de las excavaciones del Castro de Borneiro (Cabana-Coruña) de 1981, N.A.H. 18, 1.984, p. 213-231.*
ROMERO MASIA, A., *Memoria de las excavaciones del Castro de Borneiro. Campaña de 1.982.* N.A.H. (no prelo).
ROMERO MASIÁ, A., *Memoria das excavaciones no Castro de Borneiro,* 1983, (Inédita).

(2) Presenta unha acrópole ben defendida, antecastro con parapeto e unhas zonas arredor articuladas con recinto principal e defendidas por muros. As dimensións aproximadas son de 95 x 60 cm.

(3) *Memoria das excavacións do Castro de Borneiro. 1983.*

(4) *Memoria de 1.983.* Fig. 7.

(5) HIDALGO CUÑARRO, J. M. e COSTAS GOBERNA, F., *El Castro 'A Cidade' de Caneiro, Fozara. (Ponteareas).* El Museo de Pontevedra, t. XXXIII, 1.979, p. 177.

(6) SCHULE, W., *Die Meseta-Kulturen Der Iberischen Halbinsel,* Berlín. 1.969.

(7) Sobre estas doas de pasta vítrea policromada, tan abundantes nos nosos castros e nos portugueses e sobre a súa orixe, hai abundante bibliografía; autores coma Mario Cardozo, Alves Pereira, Rosas da Silva, Cordeiro de Sousa, Luis Chaves, etc. ou traballos en revistas coma *Portucale, Revista de Guimarães, O Archeólogo Portugués, etc.,* tratan temas relacionados con estas pezas. Tamén as diversas Memorias de excavación de xacementos castrexos poden conter datos sobre elas.

(8) FORTES, J., 'Fibulas e fivelas', *O Archeólogo Portugues,* 1.904, p. 1-11. A bibliografía sobre fíbulas é moi amplia. Por eso referímonos só ao artigo que sobre *As fibulas de 'longo travessao sem espira' nos Castros do N-W. peninsular,* publicou F. FARIÑA BUSTO no Boletín Auriense, IX, 1.979, p. 27-49 que selecciona unha adecuada bibliografía.

(9) FARIÑA BUSTO, F., op. cit. p. 28.

(10) GONZÁLEZ GARCÍA PAZ, S., op. cit. p. 330-4.

(11) GARCÍA BELLIDO, A., *Cámaras funerarias de la cultura castreña,* Arquivo Español de Arqueología, vol. 41, 1.968, p. 35.

FIGURAS

BIBLIOGRAFIA

(1) O Castro de Romariz está situado nas coordenadas 42° 11' 40" de Lat. N. e 8° 15' 47" Long. W. no extremo ocidental da Cordeira de Cavalos. Trabalhos sobre ele foram realizados por J. Matoso entre os anos de 1957 e 1960 e publicados na revista Portugália e Ra-

FIGURAS

[illegible] no castro de Romariz". Castelo-Branco, 1966, p. 109-110.

Romariz. XI C.N.A., 1968, p. [illegible]

[illegible] Escavações arqueológicas no Castro de Romariz. ITLA H., [illegible] 1971, p. [illegible]

[illegible] Uma fecha escavacarbónica [illegible] Alumiar. Estudos, [illegible] Zemmrich, [illegible] p. [illegible]

[illegible] Maria A. Achados de [illegible] escavações no Castro de Romariz. [illegible] Castro de Romariz. [illegible] 1974, p. [illegible]

[illegible] Memória das escavações no Castro de Romariz. 1973. Inédito.

(2) Recorre pelo acidente pelo [illegible] [illegible] por parede, [illegible] [illegible] [illegible]

1. Localización do Castro de Borneiro.



2. Plano xeral do Castro de Borneiro. Representación esquemática das excavacións.

3. Aspecto actual dunha zona da *croa* de Borneiro xa excavada.

3-A. Varias construccións de Borneiro presentando algunhas reparacións dos seus muros.



4. Plano do Sector-30, 31 e frente dos dous mostrando a muralla interior da *croa*.





5. Plano da construcción n.º 11.

6. Materiais cerámicos da construcción n.º 11.



7. Plano do Sector-30.

8. Muralla da *croa* e muro de contención.



9. Materiais cerámicos do Sector-30.



9-A. Materiais cerámicos do Sector-30.



10. Agulla de bronce.

0 5 cm.

11. Fragmento de ferro con cravos de bronce.





12. Fragmento decorado dunha agulla de bronce.



13. Fragmentos dunha placa de bronce decorada.



14. Fragmentos dun adorno de bronce.



15. Conteira.



16. Fragmentos dunha conteira.





17. Fragmentos dunha fíbula.



18. Doa pasta vítrea.



19. Plano do Sector 31.



20. Materiais cerámicos do Sector 31.



20-A. Materiais cerámicos do Sector 31.

21. Fíbula de longo travesaño sen espira.





22. Fragmentos de fíbula e da agulla.





23. Materiais cerámicos do Sector do Frente 30/31.



24. Fragmentos de anel de bronce en forma espiral.

25. Bola de bronce.



26. Tira de bronce con decoración (fragmentos).





27. Fragmento de fíbula.

0 5 cm.



28. Doa de pasta vítrea.



29. Un aspecto do *cuncheiro*.



30. Plano do Sector 32.







SECTOR-32

0 1 2 3cm.

31. Materiais cerámicos do Sector 32.

32. Materiais cerámicos da construcción n.º 14.



33. Plano do Sector-33.



34. Construcción n.º 13.



35. Conxunto das construcción n.º 2, 13 e 14.

36. Vista da zona excavada da *croa* dende a construcción n.º 13 ata a muralla da zona N-E.



37. Materiais cerámicos do Sector 33.



38. Plano dos muros testigos retirados e excavados.



39. Materiais cerâmicos dos muros testigos.



40. Plano xeral do conxunto excavado da *croa* de Borneiro unha vez retirados algúns dos muros testigos.



41. Plano do *barrio de extramuros* e localización das Catas.

42. Cata de *Extramuros*.

43. Cerámicas decoradas do Castro de Borneiro.



44. Algunhos exemplos de asas.



45. Fusaiolas.

ARQUEOLOXÍA/MEMORIAS 7

CASTRO DE BORNEIRO

Campañas 1983-84

CONSELLERÍA DE CULTURA E BENESTAR SOCIAL
DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA
E DO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO
Servicio de Arqueoloxía